

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2008/04
CARACTER: ORDINARIO
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 19 de maio de 2008

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e cinco minutos do día **19 de maio de 2008** reuniuse o Pleno do Concello en sesión convocado ao efecto con carácter ORDINARIO ,baixo a presidencia do Sr.Alcalde D. Fernando SUAREZ BARCIA e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa
Dona Mari Luz Alvarez Lastra
D.Horacio Cupeiro Rodriguez

P.P.

D.José Carlos Rodríguez Andina
D. José Duarte Díaz
Dona Begoña Sanjurjo Santar
D.Jesús López Penabad

PSG-PSOE

D. Balbino E.Pérez Vacas.
D. Ramón López Pérez
Dona María José Rodríguez Arca

U.P.R.I.

D.Francisco Rivas Alvarez
D.Agustín Reymondez Gancedo.

Secretario Xeral:

D.Manuel J. Díaz Sánchez.

Interventora:

Dona Olalla Alvarez de Neyra Martínez.

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ó estudio dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, previa citación e por rigoroso orde.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 10 DE MARZO DE 2008.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopias do borrador da acta correspondente á sesión de data 10 de marzo de 2008, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou emenda algunha.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA desde A NÚMERO 33/2008, DE 28 DE FEBREIRO Á 79/2008, DE 30 DE ABRIL DE 2008.

Dáse conta pola Alcaldía das Resolucións epigrafiadas, iniciándose deliberación ó respecto.

Intervén en primeiro lugar o Sr. Rivas Álvarez, do Grupo Municipal de UPRI que di que quere efectuar unha pregunta respecto a un pago correspondente a unha Guía de Mariñarte en concepto de axudas de custo e se é que se lle pagou a alguén para facer unha guía.

Respóndese por parte da Sra. Concelleira Delegada que cando se fixo a exposición de Mariñarte asistiron os Centros de ensino e houbo unha persoa dedicada para explicar a exposición e que foi quen mantivo aberta.

Toda vez que por parte do Sr. Rivas Álvarez se repregunta sobre como foi a factura dunha empresa, a Sra. Concelleira segue a manifestar que tivo un custo dunha cantidade mínima para o Concello xa que participaron as Caixas e a Deputación de Lugo e tamén houbo unha achega do Concello.

O Sr. Rivas Álvarez explica que lle chamou a atención unha cantidade así, de axudas de custo.

O Sr. López Pérez, do Grupo Municipal Socialista pregunta respecto ao Decreto 5608 de gastos de telefonía móbil sinalando que solicita que nos Decretos se especifique de que se trata, xa que probablemente neste caso é mais dun teléfono, e esta mañá preguntou pola Sra. Interventora, pero non estaba nese momento e despois non puido falar con ela e sinala que o gasto polo que pregunta ía con cargo ás partidas 223/22 e en tres meses sumaba o gasto de 1.007,81 euros, que lle parece un gasto importante dun teléfono móbil. O Sr. López Pérez prosegue a súa intervención dicindo que se trata de seis cargos que suman esa cantidade de 1.007, 81 euros.

Por parte da Sra. Interventora se contesta que se trata da telefonía móbil de Protección Civil.

O Sr. López Pérez pola súa parte di que non pretendía saber de quen era o móbil pero que lle parecía un gasto importante e que o Decreto debía ser mais aclaratorio e que é importante sabelo.

O Sr. Alcalde pola súa parte di que esa cifra lle estraña pero que en todo caso se mirará e se aclarará a situación. O Sr. López Pérez reitera os datos sinalando que se refiere a seis pagos que suman esa cantidade e que se se pode aclarar nos Decretos se evitará que teña que facer estas preguntas.

O Sr. Alcalde intervén manifestando que os teléfonos do Alcalde e dos Concelleiros Delegados están limitados, sobre 200 euros o do Alcalde, e os dos demais 150 euros e que se bloquean a partir desa cifra.

O Sr. López Pérez contesta que non lle poñía obxección ao teléfono da Alcaldía pero que pola cantidade que preguntou lle parece importante, pero respecto a se é o do Alcalde ou dun Concelleiro sería para facer a súa xestión.

Sen máis deliberación sobre os Decretos epigrafiados cómprese o trámite de dación de conta das referidas Resolucións.

3. DACIÓN DE CONTA DE SOLICITUDE DO PLAN CONCERTADO DE SERVIZOS SOCIAIS 2008 AO ABEIRO DA ORDE DE 18 DE MARZO DE 2008 POLA QUE SE REGULAN AS BASES POLAS QUE SE REXERÁ A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS.

Por Secretaría Dáse lectura ao ditame sobre o asunto epigrafiado que se transcribe literalmente:

“Por parte do Sr. Gegunde López, traballador social do concello, procédese a efectuar unha explicación aos membros da Comisión sobre o contido da petición de subvención efectuada facendo unha referencia explícita de que se trata dunha síntese entre continuísmo dos servizos dos anos anteriores e a ampliación de determinados servizos.

Por parte do Sr. Gegunde López se explica a previsión efectuada na petición da contratación doutro traballador social para cumprir cos traballos previstos na Lei de dependencia; tamén se explica que se inclúe dentro desta solicitude considerando que é o lugar axeitado a actividade de ximnasia de mantemento nas parroquias e que tamén se prevé a implantación dun servizo de carácter experimental de lavandería “sobre rodas”.

Por parte da Sra. Sanjurjo Santar se fai referencia a determinados erros materiais detectados na documentación que pide que se subsane o que é aceptado polo traballador social.

De seguido sen promoverse mais deliberación apróbase o ditame seguinte:

“Dada conta da Resolución da Alcaldía de 24 de abril de 2008 de aprobación de solicitude destinada a prestación de Servizos Sociais ao abeiro da Orde de 18 de marzo de 2008 de Axudas para mantemento, realización de programas e investimentos destinadas á prestación de servizos sociais polas Corporacións Locais, e de que segundo a orde referida debe darse conta ao Pleno corporativo da petición efectuada cando fora feita pola Alcaldía ou Xunta de Goberno.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros, Dáse por enterada para o seu traslado ao Pleno aos efectos procedentes.”

Sen promoverse deliberación polo Pleno Municipal, á vista do disposto na Orde de 18 de marzo de 2008 de Axudas para mantemento, realización de programas e investimentos destinadas á prestación de servizos sociais polas Corporacións Locais, e de que segundo a orde referida debe darse conta ao Pleno corporativo da petición efectuada cando fora feita pola Alcaldía ou Xunta de Goberno, Dáse por cumprido o trámite de dación de conta ao Pleno Corporativo aos efectos legalmente procedentes.

4.-RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DO TALLER DE EMPREGO INTERAUTONÓMICO RÍA DEL ENCUENTRO III.

Dáse conta por Secretaría do ditame da Comisión Informativa de data 15 de maio de 2008 que se transcribe de seguido_

“Obra no expediente Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 25 de febreiro de 2008 que se transcribe de seguido:

“RESOLUCIÓN.-

Por la Alcaldía-Presidencia de conformidad con la Resolución dictada por este mismo órgano en relación a la promoción por parte de la Asociación Puente de los Santos de un proyecto de Taller de Empleo Interautonómico, con el acuerdo de los Concellos de Ribadeo y Castropol,

Visto lo dispuesto en la Resolución de 23 de enero de 2008 del Servicio Público de Empleo Estatal de aprobación de la convocatoria para la concesión de subvenciones a los Programas de Escuela Taller, Casas de Oficios y de Talleres de Empleo en el ámbito exclusivo de gestión del citado servicio de Proyectos pluriregionales y en cumplimiento del artículo 10.2 f) de la Orden de 14 de noviembre de 2001 que desarrolla el Real Decreto 282/1999, de 22 de febrero por el que se establece el Programa de Talleres de Empleo y se establecen las Bases reguladoras de la concesión de subvenciones públicas a dicho programa,

RESUELVO:

1º. Autorizar a la citada Asociación Puente de los Santos para que dentro del Proyecto de Taller de Empleo se usen para el mismo los siguientes bienes de titularidad municipal que se relacionan:

- Escuela de Frieira A Nova (Ove)
- Escuela de Vilausende
- Rehabilitación de lavadero de Couxela
- Rehabilitación de lavadero de Vilaframil.
- Rehabilitación de lavadero de Rinlo (Río do Pardo)
- Rehabilitación de lavadero Rúa dos Fornos.
- Rehabilitación de fuentes públicas de A Devesa, Reme de Arriba (Covelas), Arante (dos fuentes), Porto (Vilausende), y Vilaselán.
- Pintado de escuelas: Escuela vieja de Rinlo, Couxela, Vilela, Vilaselán, Vilamariz (Arante).
- Pintado de edificios: Casa Consistorial (interior) y Casa de Cultura.

- Valorización de recursos naturales: Acondicionamiento de ríos en el Concello de Ribadeo y acondicionamiento de parcela de A Capela (Ove).

2º. La expedición por Secretaría de certificación acreditativa de la titularidad municipal de los Bienes Inmuebles de las Escuelas y otros edificios públicos.

3º. La finalidad de esta autorización es la realización de las obras que se pretenden acometer en el marco del Taller de Empleo: Puesta en valor de recursos de la “Ría del Encuentro III” .

4º. Dar cuenta de esta Resolución al Grupo de Acción Local (GAL) y al Pleno del Ayuntamiento de Ribadeo.”

Por parte da Alcaldía-Presidencia procédese a explicar os catro módulos de que consta o Taller de Empleo deliberándose sobre a cuestión cos membros da Comisión Informativa.

De seguido, por unanimidade, dos membros da Comisión, acórdase ditaminar favorablemente para a súa aprobación polo Pleno Municipal a ratificación da Resolución antecitada da Alcaldía-Presidencia.”

Polo Pleno municipal se promoverse deliberación , por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase ratificar a Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 25 de febreiro de 2008 aos efectos legalmente procedentes.

5.- EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN DE TERREOS PARA O APARCADOIRO DE CASTROS-ILLAS, EN A DEVESA.

Dáse conta por Secretaría do ditame da Comisión Informativa de data 15 de maio de 2008 que se transcribe de seguido:

“Obra no expediente a Proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe de seguido:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE EXPROPIACION DE TERREOS PARA APARCAMENTO EN OS CASTROS

Con anterioridade ó acordo que se pretende , polo Concello de Ribadeo acordouse e expropiouse determinados bens e dereitos incluídos no proxecto de “**RECUPERACIÓN EFECTIVA DE LA SERVIDUME DE TRÁNSITO Y EJECUCION DE SERVICIOS Y SENDERO ENTRE LAS PLAYAS DE “OS CASTROS” Y “AS ILLAS”, termo municipal de Ribadeo**”, que fora incluído no Plano de Obras Municipal do ano 2006 someténdose o acordo a información pública mediante anuncio no BOP e Taboleiro do Concello, durante o prazo de 15 días hábiles a efectos de exame e reclamacións; no suposto de que non se presente ningunha o acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo, e téndose incoado o correspondente expediente expropiatorio respecto dos bens e dereitos afectados pola execución do devandito proxecto e a tal efecto someteuse a relación dos mesmos a información pública por prazo de 15 días nos termos do art. 18 da LEF. Esta exposición quedou condicionada á aprobación definitiva do punto anterior, téndose ocupado parcelas de 461,32 m², 351,30 m², 6.052.-m², e 4.768.00 metros cadrados. A superficie do aparcamento, se ben non figuraba no proxecto inicial de expropiación, segundo reflecta a memoria deste anexo a proxecto de expropiación, se pretendeu obtela de xeito voluntario tendo que levarse a cabo agora mediante expropiación.

Segundo se acredita na memoria e consta á Alcaldía, existe unha necesidade de realizar un aparcamento na zona do acceso á praia das Illas, toda vez que o aparcamento existente ata agora queda incorporado á zona de paseo e a ausencia dun aparcamento efectivo crea unha grave situación de seguridade no tráfico de acceso a dita praia para o próximo período estival.

*Visto que segue a existir o compromiso por parte do Servicio Provincial de Costas de Lugo, Ministerio de Medio Ambiente, de executa-lo proxecto de “**RECUPERACIÓN EFECTIVA DE LA SERVIDUME DE TRÁNSITO Y EJECUCION DE SERVICIOS Y SENDERO ENTRE LAS PLAYAS DE “OS CASTROS” Y “AS ILLAS”, termo municipal de Ribadeo**”, sempre que o Concello poña a disposición os terreos afectados, realizando o referido aparcamento,*

Considerando que segundo o disposto no art. 10 da LEF e 293 da Lei de Administración Local de Galicia a inclusión dunha obra no plano de obras municipal implica a declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación a efectos expropiatorios.

Considerando que para garantir nun breve prazo o fin de interese publico que se deriva da execución das obras compre se efectúe unha declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización do proxecto, declaración que corresponde ó Concello da Xunta de Galicia segundo o disposto nos arts. 27.2 e 28.2 do Estatuto da Autonomía de Galicia.

Considerando necesaria a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras do aparcamento pola elevada afluencia de visitantes, especialmente no período estival, fins de semana e outras tempadas do ano que coa obra referida poderán utilizar un aparcamento substitutivo do que se reduce coa execución da obra, deixando os vehículos e deste modo desaparecendo os graves problemas de tráfico e seguridade viaria existente na actualidade que deben ser con urxencia corrixidos pola aglomeración de persoas e vehículos que nunca zona de grande beleza natural conflúen para o desfrute da mesma segundo se fai referencia na memoria da Alcaldía adxunta.

Considerando que se trata dunha obra de interese público cuxa execución resulta necesaria e urxente pola proximidade da temporada estival, pois é unha zona moi concorrida durante todo o ano, e no verán moito mais, máxime tendo en conta que o Concello de Ribadeo foi declarado Concello Turístico Galego por resolución da Dirección Xeral de Turismo publicada no DOG de 31 de maio de 1999.

Visto o proxecto de referencia,

PROPOÑO Que o Concello Pleno previo ditame da Comisión Informativa de Gobernación e Persoal adopte o seguinte acordo:

1º. Inclusión do anexo do proxecto de **“RECUPERACIÓN EFECTIVA DE LA SERVIDUME DE TRÁNSITO Y EJECUCION DE SERVICIOS Y SENDERO ENTRE LAS PLAYAS DE “OS CASTROS” Y “AS ILLAS”, termo municipal de Ribadeo**”, no Plano de Obras Municipal do ano 2008 sometendo este acordo a información pública mediante anuncio no BOP e Taboleiro do Concello, durante o prazo de 15 días hábiles a efectos de exame e reclamacións; no suposto de que non se presente ningunha o acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

2º. Incoar expediente expropiatorio respecto dos bens e dereitos afectados pola execución do devandito anexo de proxecto e a tal efecto someter a relación dos mesmos, que de seguido se transcribe, a información pública por prazo de 15 días nos termos do art. 18 da LEF. Esta exposición quedará condicionada á aprobación definitiva do punto anterior.

Finca N°	Titular	Domicilio	Ocupación definitiva	Clase de solo
1	José Fernandez Pérez	A Rochela, 28 (A Devesa) Ribadeo	422 m2	Rústico de Protección de Costas

3º.- Formular a petición de declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización do proxecto, por parte do Consello da Xunta de Galicia, de conformidade có disposto nos arts. 27.2 e 28.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

4º.- Facultar á Alcaldía Presidencia, tan amplamente en dereito como sexa preciso, para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

Por parte do Sr. Alcalde se efectúa unha explicación sucinta na que se manifesta que había un proxecto de obra que contemplaba xa esta actuación, pero non figurou no proxecto de expropiación que se aprobou e que como consecuencia das obras desaparece o aparcadoiro das Illas e se fai preciso un novo aparcadoiro que iría nunha finca do referido titular no tendo sido posible un acordo co mesmo, nin tampouco un arrendamento para a próxima tempada estival.

Por parte dos representantes dos Grupos municipais do Partido Popular , PSOE e UPRI se manifesta que se reservan para o Pleno, sendo ditaminado favorablemente a proposta da Alcaldía por dous votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG), nos propios termos da mesma e para a adopción do acordo subseguinte polo Pleno municipal.”

Iniciáase a deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr. Rivas Álvarez do Grupo Municipal de UPRI que manifesta que unha vez mais o método que se ven utilizando para conseguir os terreos, é mediante expropiación e o Decreto, e que considera que se debe tratar de chegar a acordos, que non sabe se se intentou e non se conseguiu, e que se está nunha situación similar a un punto que ven despois, que é o dos terreos para a expropiación da EDAR. Prosegue sinalando que a expropiación non é un prezo inamovible e que xa fai anos cando se falaba de persoas que tiñan terreos en zonas de protección desa zona xa pedían levar os seus terreos para o polígono industrial e pagarlles a 6 euros/m2.

Reitera o Sr. Rivas que xa fai anos que se pagaban certos prezos e que vanse abster porque o seu grupo non está de acordo co xeito de facelo.

Intervén a continuación o Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal do PSOE que sinala que van votar a favor porque entende que isto quedou sen facer dun proxecto do anterior goberno , e quere insistir tamén do mesmo xeito que o Sr. Rivas Álvarez en que se debe chegar á expropiación como último extremo, e actuar en base ao diálogo, e que consideran oportuno que se remate o proxecto que vai redundar en beneficio de todos os ribadenses e de quen lles visitan.

Por parte do Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular se manifesta que tamén van votar a favor e que se tratou dun dos escasos proxectos dos últimos catro anos pero que quedou coxo e lle parece o mais lóxico que se remate; que a expropiación é unha vía legal e natural e ás veces se chega a un acordo, e outras veces non, e cando non se chega non é a primeira nin a última vez que se fai unha expropiación e nin vai ser o primeiro goberno municipal nin o último municipal ou autonómico que faga unha expropiación e creen que non plantexa problemas.

A continuación intervén o Sr. Alcalde que sinala que agradece os votos a favor e tamén as abstencións anunciadas e que debe facer unha memoria recente e do que se trata é de expropiar o 4 ou 5 % restante do que no mandato do goberno anterior se expropiou, e que cree que debeu haber un erro entre o proxecto de execución e o de expropiación e que no primeiro contemplábase a execución dunhas obras nuns terreos pero no de expropiación había un terreo que non estaba no proxecto e que foron case todos expropiados agás un; que antes de iniciar a expropiación falou coa propiedade e lles propuxo un acordo , pero se aos outros propietarios se lles paga o que figura no proxecto ten que ser o mesmo, e senón será o Xurado que fixe o prezo xusto.

Prosegue manifestando que por parte da Alcaldía se dedicou a cumprir o necesario para que se conclúsen os dous proxectos pero para este verán non vai haber o aparcadoiro nas Illas que había antes agás que se busque unha solución transitoria.

De seguido polo Pleno municipal por 11 votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do BNG, Partido Popular e PSOE) e con dúas abstencións (dos membros do Grupo Municipal de UPRI) acórdase:

1º. Inclusión do anexo do proxecto de “RECUPERACIÓN EFECTIVA DE LA SERVIDUME DE TRÁNSITO Y EJECUCION DE SERVICIOS Y SENDERO ENTRE LAS PLAYAS DE “OS CASTROS” Y “AS ILLAS”, termo municipal de Ribadeo”, no Plano de Obras Municipal do ano 2008 sometendo este acordo a información pública mediante anuncio no BOP e Taboleiro do Concello, durante o prazo de 15 días hábiles a efectos de exame e reclamacións; no suposto de que non se presente ningunha o acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

2º. Incoar expediente expropiatorio respecto dos bens e dereitos afectados pola execución do devandito anexo de proxecto e a tal efecto someter a relación dos mesmos, que de seguido se transcribe, a información pública por prazo de 15 días nos termos do art. 18 da LEF. Esta exposición quedará condicionada á aprobación definitiva do punto anterior.

Finca N°	Titular	Domicilio	Ocupación definitiva	Clase de solo
1	José Fernández Pérez	A Rochela, 28 (A Devesa) Ribadeo	422 m2	Rústico de Protección de Costas

3º.- Formular a petición de declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización do proxecto, por parte do Consello da Xunta de Galicia, de conformidade co disposto nos arts. 27.2 e 28.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

4º.- Facultar á Alcaldía Presidencia, tan amplamente en dereito como sexa preciso, para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

6.-PETICIÓN DE REVERSIÓN DO EDIFICIO DA CASA DO MAR.

Por Secretaría Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de 15 de maio de 2008 que se transcribe de seguido:

“Obra no expediente proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe de seguido:

“Pola Alcaldía-Presidencia á vista de que con data 10 de decembro de 2007 se ten contestado por parte da Secretaría Xeral do Patrimonio da Xunta de Galicia a un escrito enviado por esta Alcaldía en relación á Casa do Mar no que se manifesta que o inmovible foi obxecto de transferencia á Comunidade Autónoma de Galiza mediante o Real Decreto 373/1999, de 5 de marzo sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galiza das funcións e servizos da Seguridade Social encomendados ao I.S.M. e que polo tanto o inmovible pertence ao patrimonio da Tesourería Xeral da Seguridade Social disfrutando a Xunta de Galicia dun dereito de uso e sinalándose tamén que se se producise a retrocesión do inmovible sería a favor da Tesourería Xeral da Seguridade Social posto que foi este Organismo a entidade que transferiu a xestión do ben á Xunta de Galicia.

Visto o informe da Secretaría Xeral desta Corporación de data 5 de setembro de 2007 sobre os antecedentes do expediente de reversión da Casa do Mar a este Concello, e á vista dos elementos obrantes no expediente, e efectuadas consultas sobre o particular recentemente.

Considerando, que o Concello precisa da totalidade do inmovible para os seus propios usos

PROPOÑO ao Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

1º. Instar a iniciación do correspondente expediente de reversión da titularidade dominical do ben en primeiro lugar diante da Secretaría Xeral do Patrimonio da Xunta de Galicia., para a extinción do dereito de uso sobre o inmovible, efectuándose a retrocesión do mesmo a favor da Tesourería Xeral da Seguridade Social para que a mesma poida efectuar a reversión, sen cargas, a favor do Concello.

2º. Asumir o compromiso de ceder o uso de novos locais noutros inmobles de titularidade municipal (edificio do Auditorio) para as oficinas actualmente existentes do Instituto Social da Marina, transferido á Comunidade Autónoma, e de Capitanía Marítima.

3º- Efectuada a retrocesión instar da Tesourería da Seguridade Social como propietaria do inmoble referido, a reversión ó Concello , a tenor de que non se teñen cumprido as condicións da cesión ao non desenvolverse os servizos para os que foi cedida, na actualidade, e visto que se prestan unicamente servizos de carácter residual respecto aos previstos inicialmente e dispoñendo a Seguridade Social de locais en Ribadeo onde poden desenvolverse as tarefas administrativas correspondentes

4º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.”

Iníciase a deliberación na que o Sr. Alcalde de xeito sucinto explica a aglomeración existente no inmoble e a necesidade de dispor da totalidade do mesmo e fai referencia a que debe disporse na súa totalidade para poder plantexalo como unha Casa da Música.

Toda vez que o Sr. Rivas Álvarez formula unha pregunta sobre esta denominación e é contestada favorablemente pola Alcaldía, significando que esa vai ser a denominación do inmoble cando reverta ao Concello o representante do Grupo de UPRI di que esa é unha “palabra máxica” que xa levaba no seu Programa electoral e anuncia o seu voto favorable.

O Sr. López Pérez manifiestan tamén o apoio do seu Grupo, PSOE, significando que é unha vella reivindicación dos ribadenses.

O Grupo Municipal Popular así mesmo manifesta o seu criterio favorable.

De seguido, por unanimidade dos membros da Comisión, acórdase ditaminar favorablemente para a súa aprobación polo Pleno Municipal a proposta da Alcaldía-Presidencia nos propios termos da mesma.”

Iniciada a deliberación, intervén en primeiro lugar o Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que di que cree que non se lles entendeu ben na Comisión Informativa pero que considera que non hai realmente espazos alternativos no Auditorio e o que quere sinalar é que, aínda que non sexa do Concello, hai un lugar idóneo que é o edificio do Punto PIF que se amañou con fondos do Estado e da Xunta, que está sen uso e é un punto adecuado, e un dos despachos podería ser para a Capitanía Marítima e o que piden é que se fagan as xestións para que en precario, prestado, ou como sexa, poidan instalarse ahí esas oficinas.

Reitera que lles parece o sitio ideal e que non o ve posible no Auditorio.

Iníciase a deliberación sobre este extremo por parte do Sr. Alcalde e se manifesta que é certo o que di o Sr. Rodríguez Andina que se pode engadir neste punto a proposta da Comisión Informativa, facer a xestión, pero o que é importante é non poñer escollos para que revirta ao Concello o inmoble como lexítimo propietario.

Por parte do Sr. Pérez Vacas do Grupo Socialista tamén se manifesta o criterio favorable a que se faga un engadido nese senso ao ditame da Comisión.

Por Secretaría se pregunta aos portavoces dos Grupos municipais se existe acordo en que a redacción do engadido sexa “ ou facer no seu caso a xestión para a consecución doutros locais”. Por parte dos portavoces dos Grupos se asinte a esta proposta de redacción.

De seguido polo Pleno municipal, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º. Instar a iniciación do correspondente expediente de reversión da titularidade dominical do ben en primeiro lugar diante da Secretaría Xeral do Patrimonio da Xunta de Galicia., para a extinción do dereito de uso sobre o inmovible, efectuándose a retrocesión do mesmo a favor da Tesourería Xeral da Seguridade Social para que a mesma poida efectuar a reversión, sen cargas, a favor do Concello.

2º. Asumir o compromiso de ceder o uso de novos locais noutros inmobles de titularidade municipal (edificio do Auditorio) ou facer no seu caso a xestión para a consecución doutros locais, para as oficinas actualmente existentes do Instituto Social da Marina, transferido á Comunidade Autónoma, e de Capitanía Marítima.

3º. Efectuada a retrocesión instar da Tesourería da Seguridade Social como propietaria do inmovible referido, a reversión ó Concello, a tenor de que non se teñen cumprido as condicións da cesión ao non desenvolverse os servizos para os que foi cedida, na actualidade, e visto que se prestan unicamente servizos de carácter residual respecto aos previstos inicialmente e dispoñendo a Seguridade Social de locais en Ribadeo donde poden desenvolverse as tarefas administrativas correspondentes

4º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.

7.-ACORDO RELATIVO Á “ DECLARACIÓN DA TORRE DE HÉRCULES, PATRIMONIO DA HUMANIDADE”

Dáse conta por Secretaría do ditame da Comisión Informativa de 15 de maio de 2008 que se transcribe de seguido:

“Dáse conta do acordo adoptado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo en data 25 de marzo de 2008 sobre o asunto epigrafiado instando a adhesión do Concello, e á vista do mesmo e nos propios termos a Comisión, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a adopción dun acordo plenario de adhesión ao adoptado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo.”

Sen promoverse deliberación, polo Pleno municipal en votación ordinaria acórdase:

1º. A adhesión ao acordo adoptado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo o día 25 de marzo de 2008 sobre o asunto epigrafiado, apoiando a candidatura da Torre de Hércules ante o “Centro del Patrimonio Mundial da UNESCO”.

2º. Trasladar este acordo á Deputación Provincial de Lugo, ao Consello do Patrimonio Histórico Español, ao Concello de A Coruña e ao Instituto de Estudos Torre de Hércules (IETH), para que sexa incluído no expediente de apoio á candidatura.

8.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO ESTACIONAMIENTO CON HORARIO LIMITADO GRATUÍTO (ZOA AZUL).

Dáse conta por Secretaría do ditame da Comisión Informativa de 15 de maio de 2008 que se transcribe de seguido:

“Obra no expediente a Proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe de seguido:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACION DE ORDENANZA REGULADORA DO ESTACIONAMIENTO CON HORARIO LIMITADO GRATUITO (AZUL).

Pola Alcaldía-Presidencia ,de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, de 2 de abril e das disposicións contidas no Real Decreto Legislativo 339/90, de 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre Trafico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, así como o R.D. 1.398/93 de 4 de agosto que aproba o Regulamento do Procedemento do exercicio da Postestade Sancionadora, se propon o Pleno Municipal a aprobación dunha ordenanza que ten por obxecto regular o estacionamento limitado-gratuito (zona azul), partindo da consideración de que, en determinadas zonas de Ribadeo a ocupación da vía pública co estacionamento de vehículos, supón o uso dun ben escaso, que debe ser repartido, polo que se precisa a creación do “Servicio de Zona Azul “, que pretende acadar o acceso igualitario e limitado de todos os/as condutores/as ó aparcamento nas zonas onde este é especialmente escaso.

A tal efecto se achega proposta de Ordenanza para a súa aprobación polo Pleno, conforme o procedemento legalmente establecido.”

Por parte do Sr. Alcalde se manifesta que xa explicou o contido da Ordenanza aos portavoces e a idea de que constituía un sistema de aparcadoiro limitado con discos gratuítos que podería estenderse a outras zoas.

Deliberase sobre diversos aspectos da propia execución da Ordenanza que se pretende aprobar sinalándose polo Sr. Duarte Díaz, do Grupo Municipal Popular, que é un xeito de empezar e a Sra.Sanjurjo Santar pregunta polo control que se vai efectuar do cumprimento.

Incidentalmente por parte do Sr. Duarte Díaz se pregunta sobre se se pode dar algunha explicación sobre o aparcadoiro soterrado, respostándose pola Alcaldía que se enviou para coñecemento do criterio de Patrimonio un primeiro anteproyecto que será tratado na próxima sesión da Comisión de Patrimonio como paso previo a realizar calquera outra actuación.

Prosegue a deliberación e tras da mesma os representantes dos Grupos municipais de UPRI e PSOE manifestan que se reservan para o Pleno sendo contabilizado polo tanto como abstención (3 abstencións).

Os representantes do Grupo Municipal Popular e do BNG maniféstanse a favor polo que por catro votos a favor e tres abstencions acórdase ditaminar favorablemente para a súa aprobación polo Pleno Municipal a proposta da Alcaldía e a Ordenanza correspondente do xeito en que foi formulada.”

Iniciase a deliberación intervindo o Sr. Rivas Álvarez do Grupo Municipal de UPRI que manifesta que dubida da efectividade da Ordenanza, considera que é de difícil control dos vehículos que estean na praza e que necesitarían unha persoa para ese control e que vai ser difícil evitar a picaresca; que considera que é un límite para os veciños da zona que teñen vivendas antigas sen sotos nin garaxe e que a cuestión é a de necesidade de aparcadoiros que ten Ribadeo, e que non van ser solucións para os veciños senón solución para a prensa.

Prosegue sinalando que non sabe se vai ser unha Ordenanza mais, e a ver se vai ser das que se cumpren ou das que non , e que se vai abster, e non vai entrar no xogo, xa que é unha medida que lle corresponde ao goberno.

Interven a continuación o Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista que manifesta o criterio favorable do seu Grupo significando que se trata dun paso previo importante para a regulación do aparcadoiro , e que tamén agradece a mención que se fixo na Comisión informativa á iniciativa do PP á proposta do aparcadoiro soterrado e que deben ir traballando nese senso con este tipo de Ordenanza para ir solucionando, mentres non se resolva o do aparcadoiro soterrado , os problemas que se derivan das peonalizacións levadas a cabo.

O Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular intervén manifestando que quere felicitar ao Goberno, considerando que lle parece unha boa idea,e xa sabe o que lle van dicir por isto mañá, pero que considera que favorece a utilización dos espazos escasos de aparcadoiro por mais veciños e considera que é bo e que non está reñido co problema da escasez de

aparcadoiros , que vai plantexar problemas e picaresca seguro e que quere insistir respecto á cuestión do aparcadoiro soterrado pero sobre a Ordenanza considera que facilita que poida ser utilizado o aparcadoiro por mais xente.

Prosegue a súa intervención o Sr. Rodríguez Andina pedindo respecto ao aparcadoiro soterrado que se estea mais enriba de Patrimonio xa que é imprescindible que se leve canto antes a ese Organo porque por moito que fagan cos discos azuis non van amañar todo.

Intervén o Sr. Alcalde que manifesta que agradece os apoios e a abstención tamén; que sabe que esta non é a solución dos males do aparcadoiro de Ribadeo pero que deben empezar todos a concienciarse de que non é preciso aparcar diante da tenda para mercar unha barra de pan; que o do aparcadoiro soterrado da proposta do Partido Popular, secundada por todos, cree que é unha cuestión crucial e que debe aprobarse realmente canto antes un Plan xeral que habilite novos espazos de aparcadoiro para resolver problemas endémicos desde hai 30 anos.

Manifesta tamén o Sr. Alcalde que haberá picaresca, como en todo, e pode suceder que a xente intente cambiar o disco do aparcadoiro pero para iso está a Policía Local en primeiro lugar e que a idea é clara , que se trata dunha zona moi comercial, densa , que ten escasamente 80 prazas e a vulgar polas experiencias das que poido ter coñecemento directo en lugares de diversas cores políticas lle dixeron que dinamizaba para a compra a existencia deste sistema cos discos gratuítos, e quen traballe nunha tenda e queira ter todo o día o coche aparcado tirá que ir ao aparcadoiro da Avda. de Galiza e así quedarán prazas libres para a compra; que se farán 4000 discos de zoa azul que se darán aos comercios e que serán tamén para a xente de fora; prosegue sinalando o Sr. Alcalde que é unha solución que non é innovadora, e que se fixo en moitos sitios, e que nalgúns se chega a zoas Ora de pago.

De seguido polo Pleno municipal, por once votos a favor (dos membros dos grupo municipais do BNG, PP e PSOE) e dúas abstencións (dos membros do Grupo Municipal de UPRI, acórdase:

1º. A aprobación inicial de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local modificada pola Lei 11/1999, da Ordenanza reguladora do estacionamento con horario limitado gratuítos (zoa azul).

2º.- O sometemento a información pública durante o prazo de 30 días hábiles na Secretaría Municipal, período durante o cal as persoas interesadas poderán presenta-las alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes, e de non se presentar reclamacións á mesma entenderase automaticamente aprobada de xeito definitivo.

9.- APROBACIÓN DEFINITIVA DE EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN DE TERREOS PARA A CONSTRUCCIÓN DA FUTURA EDAR

Dáse conta por Secretaría do ditame da Comisión Informativa de 15 de maio de 2008 que se transcribe de seguido:

“Obra no expediente proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe de seguido:

“PROPOSTA DE ACORDO DEFINITIVO DE EXPEDIENTE EXPROPIATORIO DE “TERREOS PARA A CONSTRUCCION DA FUTURA EDAR DE RIBADEO”.

Pola Alcaldía-Presidencia á vista do acordo plenario adoptado con data 9 de febreiro de 2008 de aprobación inicial do expediente expropiatorio epigrafiado

Visto que producida a exposición ao público do acordo referido se formularon alegacións por parte de don José María Rodríguez Saavedra, D. Pedro Otero Gómez, dona Celestina e don Francisco José Rodríguez Martínez e don Justo Barcia Vidal.

Visto que se emitiu informe pola Secretaría da Corporación e polo arquitecto municipal e que ambos se propón a desestimación da primeira das alegacións formuladas por non tratarse de terreos de propiedade dos alegantes senón de dominio público marítimo terrestre de titularidade do Estado.

Visto que , nembargantes, estudada a alegación no que atinxe ao contido económico da mesma, e a petición de valoración de 7 euros/m² e de conformidade co disposto no Informe técnico e segundo os criterios do artigo 22 da Lei 8/2007, de 28 de maio se entende procedente a corrección á alza do prezo de taxación a tenor da especificidade da existencia de canalizacións actuais no lugar así como a existencia de camiños públicos de acceso que permitirían un tráfico fluído ante calquera imprevisto.

Visto que no acordo adoptado se facía referencia a que existía o compromiso por parte da Consellería de Medio Ambiente, da Empresa Pública de Obras e Desenvolvementos Hidráulicos, de executa-lo proxecto dunha EDAR en Ribadeo, sempre que o Concello poña a disposición os terreos afectados;

Visto o acordo plenario de 12 de marzo de 2007 en relación ao asunto no que o Concello por unanimidade adoptou o acordo de comprometerse a entrega dos terreos e auga necesarios para execución das obras así como todas as autorizacións administrativas necesarias para a realización destas.

Considerando que segundo o disposto no art. 10 da LEF e 293 da Lei de Administración Local de Galicia a inclusión dunha obra no plano de obras municipal implica a declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación a efectos expropiatorios.

Considerando que para garantir nun breve prazo o fin de interese público que se deriva da execución das obras compre se efectúe unha declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización do proxecto, declaración que corresponde ó Concello da Xunta de Galicia segundo o disposto nos arts. 27.2 e 28.2 do Estatuto da Autonomía de Galicia.

Considerando necesaria a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras do proxecto polo carácter de actuación medioambiental, diante da necesidade de garantir un servizo básico como é a depuración cumprindo as normativas de dereito comunitario nos prazos previstos para as mesmas, e impedindo que se produza un deterioro para o Medio Ambiente natural polo incremento dos vertidos sen unha depuración axeitada.

Considerando que trátase dunha obra de interese público cuxa execución resulta necesaria e urxente

PROPOÑO Que o Concello Pleno previo ditame da Comisión Informativa adopte o seguinte acordo:

1º. Elevar a definitivo o acordo Plenario adoptado en sesión de 9 de febreiro de 2008 e polo tanto a inclusión do proxecto de execución da EDAR no termo municipal de Ribadeo, a executar pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos da Consellería de Medio Ambiente, no Plano de Obras Municipal do ano 2008.

2º. Incoar expediente expropiatorio respecto dos bens e dereitos afectados pola execución do devandito proxecto con carácter definitivo.

PARCEL A N°	TITULAR CATASTRAL	TITULAR REXISTRAL	DOMICILIO	D.N.I.	POLÍGONO	PARCEL A	SUP. PARCELA	SUP. OCUPADA
1	José M ^a Rguez.Saavedra	José M ^a Rguez.Saavedra	R.González, 24-26,4° B 27700 Ribadeo		3	708	2040	2040
2	Pedro Otero Gómez	Pedro Otero Gómez	Eirexa, 16 Vilaselán 27700 Ribadeo		3	709	4355	3677
3	Pedro Otero Gómez	Pedro Otero Gómez	Eirexa, 16 Vilaselán 27700 Ribadeo		3	710	2985	2463
4	Comunidade Autónoma de Galiza	Comunidade Autónoma de Galiza	San Caetano s/n Santiago de Compostela		3	711	1860	1860
5	Celestina e Francisco José Rguez. Martínez	Celestina e Francisco José Rguez. Martínez	O Espín, Vilaselán 27710 RIBADEO		3	712	5010	5010
6	Justo Barcia Vidal	Justo Barcia Vidal	Eirexa, 2 27710 Vilaselán		3	713	5430	5430

3°.- Formular a petición de declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización do proxecto, por parte do Consello da Xunta de Galicia, de conformidade co disposto nos arts. 27.2 e 28.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

4°.- Aceptar as reclamacións formuladas polos afectados fixando como prezo de valoración de 7 ,00 €/m² e 1 ,00 € mais a maiores para a finca que conta cunha plantación de eucaliptos, facultando á Alcaldía para a formulación dun convenio voluntario de adquisición conforme ao disposto no artigo 24 da LEF e artigos 25 a 27 do seu Regulamento.

5°.- Facultar á Alcaldía Presidencia, tan amplamente en dereito como sexa preciso, para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

Sen promoverse deliberación a Comisión Informativa , por unanimidade de todos os seus membros, acorda ditaminar favorablemente para a súa aprobación polo Pleno municipal a proposta da Alcaldía antecedente nos propios termos da mesma.”

Sen promoverse deliberación , polo Pleno Municipal, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1°. Elevar a definitivo o acordo Plenario adoptado en sesión de 9 de febreiro de 2008 e polo tanto a inclusión do proxecto de execución da EDAR no termo municipal de Ribadeo, a executar pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos da Consellería de Medio Ambiente, no Plano de Obras Municipal do ano 2008.

2°. Incoar expediente expropiatorio respecto dos bens e dereitos afectados pola execución do devandito proxecto con carácter definitivo.

PARCEL A N°	TITULAR CATASTRAL	TITULAR REXISTRAL	DOMICILIO	D.N.I.	POLÍGONO	PARCEL A	SUP. PARCELA	SUP. OCUPADA
1	José M ^a Rguez.Saavedra	José M ^a Rguez.Saavedra	R.González, 24-26,4° B 27700 Ribadeo		3	708	2040	2040
2	Pedro Otero Gómez	Pedro Otero Gómez	Eirexa, 16 Vilaselán 27700 Ribadeo		3	709	4355	3677
3	Pedro Otero Gómez	Pedro Otero Gómez	Eirexa, 16 Vilaselán 27700 Ribadeo		3	710	2985	2463
4	Comunidade Autónoma de Galiza	Comunidade Autónoma de Galiza	San Caetano s/n Santiago de Compostela		3	711	1860	1860
5	Celestina e Francisco José Rguez. Martínez	Celestina e Francisco José Rguez. Martínez	O Espín, Vilaselán 27710 RIBADEO		3	712	5010	5010
6	Justo Barcia Vidal	Justo Barcia Vidal	Eirexa, 2 27710 Vilaselán		3	713	5430	5430

3°.- Formular a petición de declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización do proxecto, por parte do Consello da Xunta de Galicia, de conformidade co disposto nos arts. 27.2 e 28.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

4°.- Aceptar as reclamacións formuladas polos afectados fixando como prezo de valoración de 7,00 €/m² e 1,00 € máis a maiores para a finca que conta cunha plantación de eucaliptos, facultando á Alcaldía para a formulación dun convenio voluntario de adquisición conforme ao disposto no artigo 24 da LEF e artigos 25 a 27 do seu Regulamento.

5°.- Facultar á Alcaldía Presidencia, tan amplamente en dereito como sexa preciso, para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

10.- PROPOSTA DE CESIÓN DE USO DE TERREOS PARA CONSTRUCCIÓN DUNHA GALESCOLA POLO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E DO BENESTAR.

Procédese por Secretaría á lectura do ditame da Comisión Informativa de Asuntos e Servizos Xerais de data 15 de maio de 2008 que se transcribe de seguido:

“Obra no expediente a Proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ACORDO PLENARIO DE CESION DE USO DE TERREO PARA CONSTRUCCION DUNHA GALESCOLA

Pola Alcaldía-Presidencia, a tenor da a posibilidade xurdida ao Concello de Ribadeo de que por parte do Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar se proceda a instalar unha galescola por parte do Concello de Ribadeo se debe proceder á cesión de uso dos

terreos, proponse ó Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

1.- A cesión de uso dun terreo de 1.202 m2 sito na Rúa Francisco Lanza en favor do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

2. Obxecto da cesión: Parcela cos lindes seguintes

N Edificio IES Dionisio Gamallo Fierros

S Máis do Concello

E Resto parcela matriz

O Rúa Paco Lanza

-Enderezo da parcela ou edificación : Rúa Paco Lanza.

-Referencia catastral 7525003PJ5272N0001DO

-O terreo consta no Inventario de Bens Municipais, nº de 17/100/2023

referencia do Inventario.

- Porción de 1.202m2, superficie da parcela restante que debe segregarse a estes efectos da inicial

- A parcela é apta para a edificación dunha Galescola e para o uso educativo previstos, a tenor da cualificación no planeamento de 1977 e no Plan aprobado inicialmente, cumprindo o preceptuado en ambos planeamentos.

-Incorporase plano de parcela.

O concello ostenta a titularidade sobre a parcela e ésta está libre de todo tipo de cargas e gravames.

- Finalidade da cesión: Construcción polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar dunha galescola.

-. Prazo da cesión: 25 anos, prorrogables por un período igual.

- O Concello deberá comprometerse a formalizar no seu momento o convenio co Consorcio para a xestión do equipamento.

Por parte da Alcaldía polo tanto proponse ao Pleno municipal a adopción dos acordos seguintes:

1º. A aprobación inicial da cesión referida conforme ao procedemento legalmente establecido, levándose a cabo a exposición pública preceptiva, e seguindo a restante tramitación ata a formalización da cesión.

2º. Facultar á alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

Por parte do Sr. Alcalde se efectúa unha explicación sucinta na que se manifesta que se produce un crecemento da poboación de Ribadeo que fai que a actual gardería sexa insuficiente e que na zona onde pode implantarse a Galescola é unha das zoas de expansión de Ribadeo polo que podería haber dúas garderías que prestasen servizo, cada unha na súa zona.

Significa o Sr. Alcalde que a idea é facer unha Galescola e Ludoteca integradas.

Os portavoces dos Grupos Municipais do Partido Popular , PSOE e UPRI manifestan que se reservan para o Pleno , sendo contabilizado polo tanto como abstención, e os representantes do Grupo municipal do BNG maniféstanse a favor.

De seguido polo tanto, por dous votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG) e cinco abstencións (dos membros dos Grupos Municipais do PP, PSOE e UPRI) ditáminase favorablemente para a súa aprobación polo Pleno municipal a proposta da Alcaldía nos propios termos da mesma.”

Iníciase a deliberación intervindo o Sr. Rivas Álvarez do Grupo de UPRI que di que lles parece

ben que se ceda esa parcela para a construción dunha galescola ou escola infantil que vai xerar postos de traballo e vai crear postos tamén de 0 a 3 anos, pero o que si van a estar é vixilantes para o cumprimento dos prazos deste proceso, non vaia ser que pase como coas vivenda sociais que levan desde fai 3 anos con diversos anuncios e seguen co terreo donde estaban, pide que se faga o mais rápido e que considera que a demanda de 0 a 3 anos é importante e é un servizo do que non poden prescindir os ribadenses e que é importante para a conciliación da vida laboral e familiar.

Intervén a continuación o Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista que di que o seu Grupo vai votar a favor da Galescola, que entende que tamén debería incluírse a xestión da recepción do resto da finca que sería importante; que hai moita xente fora das listas en demanda de praza para a Gardería e reitera que consideran que será importante; manifesta así mesmo que fixeron anteriormente unha xestión pero que ésta foi mais efectiva que a do PSOE xa que eles a pretendían para construír unha residencia pero que queda solventada noutro sitio, e que unha vez que se recupere toda a parcela , a finca pode ser unha boa solución para a gardería.

Por parte do Sr. Rodríguez Andina do Grupo municipal Popular se manifesta que van discrepar, que lles parece ben o razoamento de que hai escasez de prazas pero que iso non conduce á creación dunha galescola aínda que sexa certo e pode ser unha gardería, que pode facerse un anexo no Grupo Escolar, e se hai unha demanda de escolarización pode facerse a construción dun anexo, pero que a Galescola ten unha connotación con cuestións doutras épocas e lles parece que debe resolverse a partir dunha gardería e non dunha galescola.

O Sr. Alcalde pola súa parte intervén manifestando que Ribadeo afortunadamente está medrando e aínda que o ano pasado se amplou a gardería e se incrementaron 33 prazas non se pode ampliar o inmovible porque ata que non haxa un PEPRI non é posible e se demorará xa que precisaría un aumento de volume e reitera que as prazas incrementadas xa están cubertas. Manifesta tamén o Sr. Alcalde que non hai outros terreos vacantes donde se poida facer e que aquí coinciden os dous plans urbanísticos; que o modelo de galescola é o establecido polo Consorcio Galego de Servizos Sociais, composto pola Xunta e 250 concellos de 315 do país e a maioría son do Partido Popular , PSOE e tamén do BNG e discrepa rotundamente e pide que non se vexan pantasma e considera que o modelo é punteiro en Europa e desde logo no Estado , con garantías de calidade e de persoal tamén punteiros, e que terá prezos razoables e xa o verán que non teñen porqué preocuparse; manifesta tamén que a súa preocupación é cando se faga o Convenio e que intentará que o Concello poña o mínimo, nunha proporción de 80 e 20 por cento e aínda se se pode que aporte menos deste 20 por cento o Concello. Que agradece o apoio á proposta, e que dentro de pouco tempo agarda que voltarán co proxecto.

De seguido por nove votos a favor (dos membros dos Grupos municipais do BNG, PSOE e UPRI) e catro votos en contra (dos membros do grupo Municipal Popular) , reunindo a maioría absoluta legal, acórdase:

1º. A aprobación inicial da cesión conforme ao procedemento legalmente establecido, levándose a cabo a exposición pública preceptiva, e seguindo a restante tramitación ata a formalización da cesión para a parcela das características seguintes:

1.- A cesión de uso dun terreo de 1.202 m2 sito na Rúa Francisco Lanza en favor do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

2. Obxecto da cesión: Parcela cos lindes seguintes

N Edificio IES Dionisio Gamallo Fierros

S Máis do Concello

E Resto parcela matriz

O Rua Paco Lanza

-Enderezo da parcela ou edificación : Rúa Paco Lanza.

-Referencia catastral 7525003PJ5272N0001DO

-O terreo consta no Inventario de Bens Municipais, nº de 17/100/2023 referencia do Inventario.

- Porción de 1.202m², superficie da parcela restante que debe segregarse a estes efectos da inicial

- A parcela é apta para a edificación dunha Galescola e para o uso educativo previstos, a tenor da cualificación no planeamento de 1977 e no Plan aprobado inicialmente, cumprindo o preceptuado en ambos planeamentos.

-Incorporase plano de parcela.

O concello ostenta a titularidade sobre a parcela e ésta está libre de todo tipo de cargas e gravames.

- Finalidade da cesión: Construcción polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar dunha galescola.

- Prazo da cesión: 25 anos, prorrogables por un período igual.

- O Concello deberá comprometerse a formalizar no seu momento o convenio co Consorcio para a xestión do equipamento.

2º. Facultar á alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

11.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA.

Dáse conta por Secretaría do ditame da Comisión Informativa de 15 de maio de 2008 que se transcribe de seguido:

“Por parte do Sr. Alcalde efectúase unha sucinta explicación do desequilibrio económico-financieiro que se produce na Escola Municipal de Música e como se ven agudizando xa que hai un incremento de persoal e os ingresos non chegan en absoluto.

De orde da Alcaldía por parte da Sra. Interventora se efectúa unha ampla explicación sobre a situación económica do servizo sinalando que xa somentes nos gastos directos de funcionamento representan sobre 270.000 euros ao ano e que a recadación en concepto de taxas unicamente alcanza o importe de 30.000 euros; menciónase así mesmo no seo da explicación que hai unha subvención de 18.000 euros aproximadamente pero que o desnivel é absoluto e que segundo a normativa legal de aplicación as taxas tenderán a cubrir o custo do servizo. A continuación por parte da Sra. Interventora procédese a explicar o seu informe que é favorable respecto a suba das taxas e desfavorable respecto ás modificacións pretendidas e aos termos específicos do sinalado no seu informe.

Fai así mesmo referencia a Sra. Interventora a unha modificación que se propón na xestión da taxa así como unha proposta de delegación na Xunta de Goberno Local da fixación das taxas e prezos para os diversos actos que se realizan.

Deliberase entre os membros da Comisión sobre a proposta de Ordenanza efectuada plantexándose especificamente polo Sr. Rodríguez Andina do Grupo Popular a relación entre a ausencia de demanda de determinadas asignaturas e o peche das mesmas e como se manexan criterios distintos en materia de educación regulada e no Concello.

Por parte dos portavoces dos Grupos Municipais do Partido Popular , PSOE e UPRI se manifesta que se reservan para o Pleno e polo tanto contabilízase como abstención, obtendo dous votos a favor (dos membros do Grupo municipal do BNG) e ditaminándose en consecuencia favorablemente para a súa aprobación polo Pleno Municipal a proposta da Alcaldía de 8 de maio de 2008 que se transcribe de seguido:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA.

Visto o estudio-informe emitido por Intervención con data 7 de maio de 2008 así como as propostas nel relacionadas;

Vista a nova redacción proposta para a Ordenanza Fiscal Num. T21

Vista a proposta realizada desde a Concellaría de Cultura xunto coa Dirección da Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo.

Tendo en conta a providencia da Alcaldía de data 6 de maio de 2008 en cuxa base realízase o informe mencionado.

Partindo de que as modificacións, inclusións e demais extremos propostos pola Intervención consideráanse apropiados e polo tanto acéptanse de plano por esta Alcaldía,

Tendo en conta a acomodación de ditos extremos á normativa aplicable (Lei Xeral Tributaria e Texto refundido da Lei de Facendas Locais, fundamentalmente), esta Alcaldía ten a ben PROPOÑER á Comisión de Contas e Facenda o informe favorable e no seu caso a aprobación plenaria do seguinte punto:

-Aprobación da nova redacción da Ordenanza fiscal núm., T21 do Concello de Ribadeo coas modificacións introducidas en materia de xestión e de contía das taxas así como a nova nomenclatura da mesma.”

Iniciáse deliberación e intervén en primeiro lugar o Sr. Rivas Álvarez do Grupo Municipal de UPRI que di que considera que despois do informe exhaustivo da Sra. Interventora se ve que se axusta á realidade, pero consideran que debe haber un maior control das actividades xa que un dos erros que se produciu era que na documentación se falaba dun desconto do 15 % e era do 10 % e debe terse un control maior por parte do persoal da Concellaría de Cultura; así mesmo sinala que unha suba do 25 % igual ao mellor hai que acometela pero non lles parece o momento, e que pode implicar poñer trabas nos tempos actuais donde costa chegar a fin de mes e pode ser inadmisibile para moitas familias e pode significar poñerlle trabas a algo que todos apoian en Ribadeo , a tradición da música que ven de moitos anos, e polo tanto deben tratar de non subir esa cifra para que siga sendo posible e co maior número de alumnos e que se distraiga doutros proxectos da área de Cultura para apoiar a Escola de Música. Conclúe o Sr. Rivas Álvarez dicindo que o Grupo de UPRI se vai abster.

Intervén o Sr. Pérez Vacas que manifesta que entende que unha suba do 25 % é difícil de asumir pero que tampouco se van a posicionar en contra, xa que é unha decisión do goberno que é a quen corresponde facela; que o informe de Intervén é impecable e que entende que sexa o goberno local a quen lle corresponde pero que a Escola veu funcionando desta maneira.

Intervén a continuación o Sr. Rodríguez Andina do Grupo municipal Popular que manifesta que a situación económica do Concello non é para tirar foguetes, e tamén é certo que hai un desequilibrio económico na Escola, pero desde o 25 ao 600 por cento hai un treito grande, e é unha responsabilidade do goberno, que vansen abster para non entorpecer, pero quere volver a mencionar o asunto, para que se volva a estudar a posibilidade dun Conservatorio de Grao Medio en Ribadeo e que se esquezan de situacións persoais e de colectivos, e que miren se non será mellor, incluso economicamente a creación dun Conservatorio de Grao Medio e que se estudie, por favor, que ao mellor non soluciona todo, pero pode implicar unha solución.

O Sr. Alcalde intervén manifestando que entende que se absteñan, que é unha responsabilidade do goberno e teñen que invertila , que foi unha tendencia e que nos derradeiros tres anos houbo un incremento elevadísimo de matrícula , e realmente aquí - en senso irónico- a matrícula é pouco menos que en Cuba , que os ingresos son ridiculos porque son trinta mil euros para un custo de douscentos setenta mil euros, e aínda que se subise no IPC de cada ano, o desequilibrio é cada vez maior, e cada ano se xenera unha necesidade de habilitación de mais horas de profesores e hai un incremento aritmético dos ingresos e xeométrico dos gastos, e a situación actual pode voltarse inasumible, e para garantirlle futuro

ao servizo , que sexa de calidade , cando menos pretender reducir ese enorme déficit, o que se reducirá nunha mínima parte, e que entende que se subvencione a Cultura pero a situación actual pode voltarse inasumible; remata o Sr. Alcalde dicindo que debería ser moito mais o incremento pero que co 25 % quizais poida rectificar un pouco esas cifras.

Intervén a Sra. Concelleira Delegada dona Mari Luz Álvarez Lastra, que manifesta que quere dicir que se lle presta todo o apoio á Escola de música por parte da Concelleira de Cultura e cando chegaron a situación era outra e ninguén pode cuestionar o apoio á Escola de música; que como calquera goberno van levar o custo de subir as taxas e non é unha decisión fácil, que é un asunto que se foi pasando pero chega un momento en que hai que afrontar a situación e non se trata de ningún xeito de que os nenos non vaian á Escola de música nin de tirar ao traste, nin de levar á bancarrota á Escola de música; prosegue sinalando a Sra. Concelleira delegada que todo o mundo sabe cal é a situación e que na Ordenanza tamén hai bonificacións, e fai referencia ao informe de Servizos Sociais para as familias de escasos recursos e como hai familias que xa se acollen.

Sinala tamén a Sra. Concelleira - falando en primeira persoa- que para ela non é unha situación fácil e que todos saben da suba do custo da vida e que a Concelleira de Cultura non pode deixar de prestar atención á Escola de música pero tampouco actuar en detrimento doutras actividades , e que a situación é a que é , podería ser maior a subida, pero tampouco se trata de que sexa rendible, e que é un servizo importante xa que se está creando entre os rapaces un xeito mais de ocio e de relación, e que como Concelleira lle doe que se fale de que non apoian a Escola de música pero que hai que ser conscientes desde a responsabilidade de que hai cousas que hai que subir e, desde logo, non se trata de que tiren por terra nin que machaquen a Escola de música.

Volta intervir o Sr. Rivas Álvarez que sinala que ninguén falou de machacar á Escola Municipal de Música, pero foi unha expresión da Sra. Concelleira de Cultura, ao que ésta resposta que foi un xeito de dicilo, e o Sr. Rivas Álvarez conclúe que xa verán os resultados.

De seguido o Sr. Duarte Díaz, do Grupo Municipal Popular, formula unha pregunta de se é correcto o que entendeu de que as familias que tiveran tres membros terían un desconto e agora a Concelleira refírese a que son dous, e pregunta se son dous ou tres, e cal é o número preciso. A Sra. Concelleira delegada de Cultura pola súa parte resposta que se refería ao tema desde a perspectiva de servizos sociais.

Toda vez que por parte da Alcaldía se pide á Sra. Interventora da Corporación que explique o custo e a recadación que se produce por parte da mesma se explica de novo as cifras do custo do servizo, sinalando que este importa un gasto directo de 270.000 euros cun financiamento de 30.000 euros en concepto de taxas e de 18.000 euros dunha subvención, polo que a cobertura do ingreso respecto ao gasto é do 17 %, e facendo o cálculo de 350 alumnos o custo por alumno sería de 770 euros e a mais alta das taxas importaría 130 euros.

Por parte do Sr. Pérez Vacas se pregunta á Sra. Interventora se isto sucede desde hai 10 ou 15 anos polo menos, contestándose pola mesma intervinte que o que viu na contabilidade a que poido acceder e así.

O Sr. Alcalde conclúe dicindo que polo tanto tocoulle ao seu equipo de goberno a adopción da decisión.

Intervén o Sr. Reymóndez Gancedo do Grupo municipal de UPRI preguntando se a suba realmente vai supoñer algo importante e se se vai a chegar a cobrar 7.500 euros. A Sra. Interventora contesta explicando que o problema reside en que hai que ver as exencións e as modulacións, dada a exención total que viña tendo a Banda e que as taxas existían pero non se ingresan e fai referencia ao funcionamento das modificacións e como unha suba do 25 % e un aspecto e outro é proceder ao recorte das exencións, que estaba perdendo o Concello; manifesta así mesmo que se estaba perdendo un 5% e no caso da Banda a totalidade da taxa,

e a Escola lles saía gratis; polo tanto pode tratarse de 7.500 euros e de todas as bonificacións e exencións que se deixarán de aplicar.

De seguido por catro votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG) e nove abstencións (dos membros dos Grupos municipais do PP, PSOE e UPRI), polo Pleno municipal acórdase:

1º. A aprobación inicial, da modificación da Ordenanza Fiscal T21 reguladora da taxa por ensinanzas especiais en establecementos docentes e públicos, Escola de Música e Danza e Escolas Deportivas municipais. Actividades deportivas no rural, de conformidade co disposto no artigo 17 do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o TR da Lei Reguladora das Facendas Locais e art. 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 11/1999.

2º. A exposición pública durante o prazo de 30 días na Secretaría Municipal, período durante o que as persoas interesadas poderán presenta-las alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes, e de non se presentar reclamacións ou alegacións durante o referido período entenderase automaticamente aprobada de xeito definitivo.

12.- RATIFICACIÓN DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL SOBRE EXPEDIENTES DE CONCESIÓN DE LICENZAS DE 1ª OCUPACIÓN.

Dáse lectura por Secretaría ao ditame da Comisión, de 15 de maio de 2008, que se transcribe textualmente:

“Dada conta de que con data 7 de xanero de 2008 por Resolución da Alcaldía se delegaron no Pleno Municipal o outorgamento de licenzas de Primeira ocupación, o que foi aceptado por acordo Plenario de 14 de xaneiro de 2008 e que foi publicado no BOP de 6 de febreiro de 2008, nembargantes na Xunta de Goberno Local de 7 de marzo de 2008 se outorgaron as seguintes licenzas de primeira ocupación:

Expte. Núm. 2008/02 tramitado a instancia de Construcciones Gacio S.L. CIF B27162841 para dúas vivendas unifamiliares adosadas compostas de soto, baixo planta alta e baixo-cuberta construídas en Paco Lanza 30-32 Ribadeo, segundo expediente de licenza municipal de obras núm. 2006/53, outorgada o 2 de marzo de 2006.

Expte. Núm. 2008/03 tramitado a instancia de Construcciones Gacio S.L. CIF B27162841 para dúas vivendas unifamiliares adosadas compostas de soto, baixo, planta alta e baixo-cuberta construídas en Paco Lanza 34-36 Ribadeo, segundo expediente de licenza municipal de obras núm. 2006/54, outorgada o 2 de marzo de 2006.

Expte. Núm. 2007/15 tramitado a instancia de D.Federico Cotarelo Murias, con DNI-NIF 11287152-V para unha vivenda unifamiliar construída en Esteiro-Cinxé (A Devesa) Ribadeo segundo expediente de licenza municipal de obras núm. 2002/223, outorgada o 18 de outubro de 2004.

Pola Comisión Informativa, por unanimidade, ditámíase favorablemente a ratificación e convalidación de conformidade cos arts.65 e 67 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, polo Pleno Municipal dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local antecitados.

Polo Pleno municipal, por unanimidade, sen deliberación, en votación ordinaria, acórdase a ratificación e convalidación de conformidade cos arts.65 e 67 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, polo Pleno Municipal dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local antecitados.

13.- EXPEDIENTES DE SOLICITUDES DE LICENZAS DE 1ª OCUPACIÓN.

Por Secretaría Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo de data 15 de maio de 2008 que se transcribe de seguido:

“Dáse conta dos expedientes de licenzas de primeira ocupación que se relacionan e que so ditaminados favorablemente, por unanimidade, para a adopción do acordo correspondente polo Pleno Municipal de acordo coa delegación efectuada a favor deste Organo pola Alcaldía-Presidencia:

1. LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DON ANIBAL FERNANDEZ PÉREZ, PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN PALMEIRA, OVE.

Expediente nº 2008/09 tramitado a instancia de Anibal Fernández Pérez, DNI-NIF 33993408 interesando **licenza de primeira ocupación** para vivenda unifamiliar construída en A Palmeira, Ove ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada con data 4 de setembro de 2006 expedinte 2006/195.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 13 de maio de 2008.

Ingreso realizado en réxime de autoliquidación:

Base imponible: 101.700,00 €.

Taxa: 0,10 % s/ B.Imponible

101,70 €

Selo Municipal

7,20 €

Total

108,90 €

A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros, ditamina favorablemente este expediente para que polo Pleno Municipal se acorde o outorgamento da licenza de primeira ocupación para a edificación de referencia.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación á licenza de primeira ocupación de referencia.

2. LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DON ANTONIO LÓPEZ DÍAZ PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN A TORRE, VILASELÁN.

Expediente nº 2007/34 tramitado a instancia de D. Antonio López Díaz, DNI-NIF 76615723-D interesando **licenza de primeira ocupación** para vivenda unifamiliar construída en A Torre, Vilaselán ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada con data 4 de marzo de 1996.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 13 de maio de 2008.

Ingreso realizado en réxime de autoliquidación:

Base imponible: 52.288,05 €.

Taxa: 0,10 % s/ B.Imponible

52,29 €

Selo Municipal

7,20 €

Total

59,31 €

A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros, ditamina favorablemente este expediente para que polo Pleno Municipal se acorde o outorgamento da licenza de primeira ocupación para a edificación de referencia.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación á licenza de primeira ocupación de referencia.

3. LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DON SANTIAGO LÓPEZ FERNÁNDEZ PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN O CIRCO, VILASELÁN.

Expediente nº 2008/01 tramitado a instancia de D. Santiago López Fernández, DNI-NIF 77592361-K interesando **licenza de primeira ocupación** para vivenda unifamiliar construída en O Circo, Vilaselán ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada con data 18 de agosto de 2005, expediente número 2005/139.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 13 de maio de 2008.

Ingreso realizado en réxime de autoliquidación:

Base imponible: 137.800,00 €.

Taxa: 0,10 % s/ B.Imponible

137,80 €

Selo Municipal

7,20 €

Total

145,00 €

A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros, ditamina favorablemente este expediente para que polo Pleno Municipal se acorde o outorgamento da licenza de primeira ocupación para a edificación de referencia.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación á licenza de primeira ocupación de referencia.

4. LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DON JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNANDEZ PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN O COTO, VILAFRAMIL, RIBADEO.

Expediente nº 2007/32 tramitado a instancia de D. José Antonio Rodríguez Fernández, DNI-NIF 76565188-M interesando **licenza de primeira ocupación** para vivenda unifamiliar construída en O Coto, Vilaframil, ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada con data 16 de outubro de 1995.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 13 de maio de 2008.

Ingreso realizado en réxime de autoliquidación:

Base imponible: 30.732,34 €.

Taxa: 0,10 % s/ B.Imponible

30,73 €

Selo Municipal

7,02 €

Total

37,75 €

A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros, ditamina favorablemente este expediente para que polo Pleno Municipal se acorde o outorgamento da licenza de primeira ocupación para a edificación de referencia.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación á licenza de primeira ocupación de referencia.

5. LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DON RAMON E ANDRÉS DOMINGUEZ VÁZQUEZ PARA EDIFICIO EN JULIO LAZÚRTEGUI, 4, RIBADEO.

Expediente nº 2008/05 tramitado a instancia de D. Ramón Andrés e Andrés Antonio Domínguez Vázquez, DNI 33798326-X e 35976578-R respectivamente, interesando **licenza de primeira ocupación** para edificación construída en Julio Lazúrtegui, num. 4 de planta baixa, dúas altas e baixo-cuberta para dúas vivendas, ao abeiro da licenza de obras de data 21 de febreiro de 1992.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 13 de maio de 2008.

Ingreso realizado en réxime de autoliquidación:

Base imponible: 52.190,60 €.

Taxa: 0,10 % s/ B.Imponible

52,20 €

Selo Municipal

7,20 €

Total

59,40 €

A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros, ditamina favorablemente este expediente para que polo Pleno Municipal se acorde o outorgamento da licenza de primeira ocupación para a edificación de referencia.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación á licenza de primeira ocupación de referencia.

6. LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DON RAMON E ANDRÉS DOMINGUEZ VÁZQUEZ PARA ADECUACIÓN DE ESPACIO BAIXO-CUBERTA EN EDIFICIO SITO EN JULIO LAZÚRTEGUI, 4, RIBADEO.

Expediente nº 2008/06 tramitado a instancia de D. Ramón Andrés e Andrés Antonio Domínguez Vázquez, DNI 33798326-X e 35976578-R respectivamente, interesando **licenza de primeira ocupación** para adecuación de baixo-cuberta en edificación construída en Julio Lazúrtegui, num. 4 ao abeiro da licenza de obras outorgada o 2 de novembro de 2004, expediente número 2004/072.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 13 de maio de 2008.

Ingreso realizado en réxime de autoliquidación:

Base imponible: 13.300,00 €.

Taxa: 0,10 % s/ B.Imponible

13,30 €

Selo Municipal

7,20 €

Total

20,50 €

A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros, ditamina favorablemente este expediente para que polo Pleno Municipal se acorde o outorgamento da licenza de primeira ocupación para a edificación de referencia.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación á licenza de primeira ocupación de referencia.

7. LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR INVERSIONES BALEGO S.L. PARA EDIFICIO REHABILITADO EN ANTONIO OTERO, 18, RIBADEO.

Expediente nº 2008/07 tramitado a instancia de INVERSIONES BALEGO S.L.CIF B27326586, interesando licenza de primeira ocupación para edificio rehabilitado na rúa Antonio Otero, 18 desta Vila de Ribadeo ao abeiro da licenza de obras outorgada con data 24 de xaneiro de 2007, expediente núm. 2006/119.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polo colexio oficial de aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 13 de maio de 2008.

Ingreso realizado en réxime de autoliquidación:

Base imponible: 46.724,52 €.

Taxa: 0,10 % s/ B.Imponible

46,72 €

Selo Municipal

7,20 €

Total

53,92 €

A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros, ditamina favorablemente este expediente para que polo Pleno Municipal se acorde o outorgamento da licenza de primeira ocupación para a edificación de referencia.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación á licenza de primeira ocupación de referencia.

8. LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR PROMOCIONES Y ALOJAMIENTOS DEL CANTÁBRICO S.L. PARA EDIFICIO CONSTRUIÓ EN ALZA, 15, RIBADEO.

Expediente nº 2008/04 tramitado a instancia de Promociones y Alojamientos del Cantábrico S.L., CIF A27119353 interesando licenza de primeira ocupación para edificación construída entre rúa Amador Fernández, 8 e rúa Alza, 15 composta de catro edificios de soto, baixo, planta alta e baixo-cuberta para doce vivendas (3 vivendas cada un dos edificios) ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada o 30 de xaneiro de 2006, expediente núm. 2005/004.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 13 de maio de 2008.

Ingreso realizado en réxime de autoliquidación:

Base imponible: 952.666,52 €.

Taxa: 0,10 % s/ B.Imponible

952,66 €

Selo Municipal

7,20 €

Total

959,86 €

A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros, ditamina favorablemente este expediente para que polo Pleno Municipal se acorde o outorgamento da licenza de primeira ocupación para a edificación de referencia.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación á licenza de primeira ocupación de referencia.

9. LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR JOSÉ PULPEIRO DOVAL OS GALLOPIÑOS S.L. PARA EDIFICIO CONSTRUIDO EN RAMON GONZÁLEZ, 5 RIBADEO.

Expediente nº 2007/33 tramitado a instancia de José Pulpeiro Doval, Os Gallopiños S.L., CIF B27254093 interesando licenza de primeira ocupación para edificación construída en Ramon González, 5 desta Vila de Ribadeo composta de planta baixa, tres altas e baixo-cuberta para 4 vivendas, construída ao abeiro da licenza municipal de obras de data 10 de abril de 2003, expediente núm. 2003/48.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 5 de abril de 2008.

Ingreso realizado en réxime de autoliquidación:

Base imponible: 155.000 €.

Taxa: 0,10 % s/ B.Imponible

Selo Municipal

Total

155,00 €

7,02 €

162,02 €

A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros, ditamina favorablemente este expediente para que polo Pleno Municipal se acorde o outorgamento da licenza de primeira ocupación para a edificación de referencia.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación á licenza de primeira ocupación de referencia.

10. LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR JOSÉ PULPEIRO DOVAL OS GALLOPIÑOS S.L. PARA EDIFICIO CONSTRUIDO EN SAN ROQUE, 1, RIBADEO.

Expediente nº 2007/36 tramitado a instancia de José Pulpeiro Doval, Os Gallopiños S.L., CIF B27254093 interesando licenza de primeira ocupación para edificación construída en San Roque, 1 desta Vila de Ribadeo composta de planta baixa, tres altas e baixo-cuberta para 11 vivendas, construída ao abeiro das licenzas municipais de obras de datas 2 de xullo de 2001 e 6 de setembro de 2004, expedientes núm. 2001/178 e 2004/198.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 5 de abril de 2008.

Ingreso realizado en réxime de autoliquidación:

Base imponible: 526.500,00 €.

Taxa: 0,10 % s/ B.Imponible

Selo Municipal

Total

526,50 €

7,02 €

533,52 €

A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros, ditamina favorablemente este expediente para que polo Pleno Municipal se acorde o outorgamento da licenza de primeira ocupación para a edificación de referencia.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación á licenza de primeira ocupación de referencia.

11. LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR JOSÉ PULPEIRO DOVAL OS GALLOPIÑOS S.L. PARA EDIFICIO CONSTRUIDO EN SAN ROQUE, 3, RIBADEO.

Expediente nº 2007/36 tramitado a instancia de José Pulpeiro Doval, Os Gallopiños S.L., CIF B27254093 interesando licenza de primeira ocupación para edificación construída en San Roque, 3 desta Vila de Ribadeo composta de planta baixa, tres altas e baixo-cuberta para 4 vivendas, construída ao abeiro das licenzas municipais de obras de datas 1.12.2003 e 6 de setembro de 2004, expedientes núm. 2001/177 e 2004/199.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 5 de abril de 2008.

Ingreso realizado en réxime de autoliquidación:

Base imponible: 231.000,00 €.

Taxa: 0,10 % s/ B.Imponible

231,00 €

Selo Municipal

7,02 €

Total

238,02 €

A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros, ditamina favorablemente este expediente para que polo Pleno Municipal se acorde o outorgamento da licenza de primeira ocupación para a edificación de referencia.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación á licenza de primeira ocupación de referencia.

14.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE EXECUCIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OBRAS PROXECTADAS NAS INMEDIACIÓNS DA PRAIA DE AS CATEDRAIS.

Por parte do Sr. Rodríguez Andina Dáse conta da Moción cuxo contido se transcribe literalmente:

“ O Grupo Municipal do Partido Popular de Galicia (PP de G), no Concello de Ribadeo a través do seu portavoz don José Carlos Rodríguez Andina en base á lexislación vixente, presenta a seguinte MOCION que se sustenta na seguinte exposición de motivos:

1. A estrada que da servizo á praia de As Catedrais atópase nun estado lamentable e non é capaz de soportar a cantidade de tráfico á que está exposta nas épocas vacacionais. Debido a isto ocasionanse múltiples transtornos que afectan tanto aos mariñans coma a todos os que nos visitan.
2. O aparcamento na zona da devandita praia é sumamente escaso. Polo que se aparca nas cunetas e isto aumenta os problemas de circulación xa referidos.

3. No Pleno do concello de Ribadeo de data 17/09/2007 elevouse unha petición por parte de UPRI de esixirlle á Deputación de Lugo que axilizase a obra deste vial. Dita petición non foi apoiada polos Grupos municipais do BNG e PP.
4. A votación en contra a esta proposta de UPRI debeuse a que obra fora aprobada antes do verán do 2007 na Deputación polo goberno do Partido Popular, e ambos Grupos municipais decidiron darlle ao novo goberno un tempo para poñer en marcha os proxectos que xa estaban encamiñados.
5. Este novo vial conta xa cos proxectos redactados nos tres tramos, e un deles conta tamén coa adxudicación da obra, que foi parada polo novo goberno da Deputación nesta ocasión formado por BNG e PSG-PSOE, sen que a estas alturas se saiba nada ao respecto.
6. Este vial que discurriría entre a actual CP 0610 e a N.634 segundo o proxecto contaría con 20 mts. de ancho , incluídos aparcamentos, e serviría para facilitar a circulación rodada sobre de todo na época estival, na que a Comarca recibe unha grande cantidade de fluxo turístico.

Tendo en conta que é responsabilidade da Deputación Provincial é polo que se propón que se adopte o seguinte acordo:

O Pleno da Corporación Municipal do Concello de Ribadeo esixe da Deputación Provincial de Lugo que ésta acometa a obra proxectada polo anterior goberno.”

Intervén en primeiro lugar o Sr. Rodríguez Andina, propoñente da Moción que sinala que esta Moción non ten moita literatura, e se refire a que fai unhas meses debatiron no Pleno unha Moción de UPRI sobre o mesmo asunto e que esta Moción non modifica en absoluto aquela proposta e que non saiu adiante aquela Moción e o Grupo municipal do PP o explicou, e outros tamén, porque a documentación que obraba na Deputación Provincial demostraba que era unha obra que estaba en fase de exposición pública con presuposto e partida presupostaria, á espera de licitación e desde aquela non saben como está, e non é a única obra nesas circunstancias que durme na Deputación o sono dos xustos, porque hai algunha outra que tamén afecta a veciños de Ribadeo que está nas mesmas circunstancias, e desde que chegou o Goberno bipartito e deixaron de pagar as expropiacións, e non sabe que vai pasar coas que están pagadas, e as que están sen pagar, e por iso lles parece que deben resucitar a Moción e sinala que pasaron copia ao Portavoz de UPRI como autor da primeira Moción e explicando de paso cal era o sentido desta nova Moción e que pouco mais ten que explicar.

Intervén a continuación o Sr. Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista que manifesta que non lles deixa de sorprendere que o Partido Popular rexeite o 17 de setembro do ano pasado unha Moción nos mesmos termos, e que nese mesmo Pleno o Concelleiro no uso da palabra como portavoz socialista afirmara que un acordo plenario redundaría no que xa se pretendía facer pola Deputación Provincial, e que tanto o Partido Popular como o Bloque daquela votaran que non, e claro, estaban a falar do mes de setembro, e o que pretendería a Moción de UPRI sería que con ese acordo estivera feita a obra e que agora están avocados ao verán cun problema, e senón que lle corrixa o Sr. Rodríguez Andina que cree que estarán sen facer as expropiacións, e entón por coherencia vanse abster xa que daquela votaron a favor da Moción e cree que non é de recibo que oito meses despois se presente unha Moción sobre o mesmo asunto cando antes votou en contra.

Intervén o Sr. Rivas Álvarez do Grupo Municipal de UPRI que di que foi o seu Grupo quen presentou a Moción que se tratou nun Pleno de setembro e que daquela se decía que non se ía apoiar a Moción para que non se apuntaran o tanto, con argumentos que ás veces hai que releer , se dicía polo Sr. Andina que hai que contar as cousas, que se non son complicadas, que o proxecto da estrada tiña consignación na Deputación Provincial e se non é certo que lle corrixa o Sr. Andina e o Sr. Alcalde que había un proxecto de aparcadoiro e o Sr. Alcalde lle

dicía que era redundante que se aprobara no Pleno algo que xa estaba aprobado na Deputación e o tempo demostrou que non estaban nin aprobado nin consignado, ou se estaba se desfixo todo para atrás, ou sexa que non estaba ben amarrado, e o fundamental é que os veciños de Ribadeo e os que visitan a praia de As Catedrais tivesen este verán a obra feita e non tivesen que sufrir a situación que se vai producir agora e a Moción vai ser poñer agora a venda antes da ferida, porque xa dixo o Concelleiro no uso da palabra, no seu momento, que o exame era o 1 de xullo e o 1 de xullo está á porta, que é cando empeza o verán e non van a ter por desgracia eses accesos como os que se fixeron nunha parte, cando o Sr. Rodríguez Andina era Vicepresidente da Deputación e non se fixo nin o acceso nin o aparcadoiro, e dicíase daquela por parte do Sr. Alcalde que o 25 de maio de 2007 se adoptou o acordo de licitación e agora está a obra á espera da licitación, segundo remata de dicir o Sr. Andina, e reitera o mesmo argumento.

Sinala tamén o Sr. Rivas Álvarez que o seu Grupo non vai votar nunca en contra de algo que poida beneficiar aos veciños de Ribadeo pero por coherencia vanse abster nesta votación e pide que se faga a obra e se apunte o tanto quen queira que os ribadenses xa saben a quen lle deben a obriga.

O Sr. Alcalde pola súa parte manifesta que tamén é curiosa esta situación e que (el mesmo) procedeu no Pleno de setembro a leer unha parte da acta de 25 de maio de 2007 da Deputación Provincial, en que poñía que se aprobaba o proxecto e que se levaban a cabo unha serie de trámites e que se indicaba que se non había alegacións se licitaba a obra e que en setembro do ano 2007 tiña falado dúas veces co Presidente, unha delas non pode dicir se antes ou despois de setembro, xa que sabía que o novo goberno tiña paralizadas varias obras e convidárono a que fixera o que lle parecera, pero que non bloquearan esos 1,5 quilómetros tendo en conta a situación do verán pasado que se intentou resolver, de tráfico e de sinalización e que ao final foi polémico e desde aquela en vista de que non houbo ningún tipo de actuación se lle reiterou e o hembra, que deran pasos en firme para que estivera rematada a obra este verán, pero estando xa a mediados de maio vai ser imposible e que por mais mocións que aproben ou desaproben quen executa a obra é a Deputación Provincial, e daquela a Moción era redundante porque o Presidente da Deputación lle dixera persoalmente ao Alcalde no uso da palabra que non ía haber problema, a agora están cerca da época estival resulta que non hai nada feito, e cree que polo tanto deben apoiar a Moción.

Intervén o Sr. Rodríguez Andina e di que hai certas cousas que se dixeron as que ten que respostar, e que son dúas situacións distintas, que en primeiro lugar a situación daquel momento e a actual non teñen nada que ver, naquel momento había un proxecto redactado e estaba en exposición pública cun anuncio de licitación, existía a consignación presupostaria e estaba realizada toda a tramitación administrativa e o que había naquel momento seguro que o ten o portavoz do PSOE, e non parecía lóxico que lle pediran á Deputación que fixera algo que tiña en marcha pero parece que era outra Deputación e esta o paralizou, e se non queren non o fan, e ten que denunciálo públicamente quen está fallando e porqué están fallando, e que é un empecinamento do Sr. Deputado Delegado de Obras e do Sr. Presidente que quixeron parar todas as do goberno anterior e claro que non estaban todas as expropiacións, e fai referencia ao follón que se montou coas expropiacións, que non lles valían.

Prosegue sinalando o Sr. Rodríguez Andina que non entende a relación daquela moción con ésta porque aquela era dicir fagan algo e lles podían dicir xa o estamos facendo e respecto a que se se houbera licitado xa se tería feito se se houbera aprobado a Moción e que descoñecen os prazos, implica que descoñecen da A á Z o proxecto, e que a obra proxectada non era nin para facer un carreiro nin para ensanchalo, solo pide que se vexa o outro tramo da "T" dese acceso e que non se faría nun verán nin en dous e por outra parte os ribadenses non lle deben obrigas a ninguén, nin lles teñen que pasar facturas aos veciños, senón que están para facelo o mellor que poidan, e alá cada cal, que non lles deben ningunha obriga e nunca lles pasaron facturas no seu Grupo aos veciños nin polo ben feito nin moito menos polo mal feito, nin polo ben que fagan no futuro, que poden estar tranquilos.

Intervén o Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista que di que xa explicou a posición do seu Grupo pero que lle molesta que o Sr. Rodríguez Andina fale así da Deputación actual do

Goberno bipartito sen ter en conta que a súa desde o ano 2005 tiña consignado, e senón que lle corrixan nun Plan extraordinario e nos exercicios de 2005, 2006 e 2007 cincoenta millóns de euros, donde se incluían os correspondentes aos catro tramos da obra, tres en Ribadeo e un en Barreiros e non agora que esta outra Deputación leva unhos meses gobernando.

Intervén tamén o Sr. Rivas Álvarez de UPRI que di que a pretensión do seu Grupo é que se faga a obra por enriba das disputas do Partido Popular e do PSOE e que eles son un partido de ribadeo e que se faga a obra e que non se poñan trabas a algo e que se leve a cabo, que a posición do seu Grupo é que sempre que se pida algo bo para Ribadeo o van apoiar e os ribadenses saben quen fai e quen non fai pero neste caso o mais importante é que poidan ir as persoas no seu coche e sen atascos e van voltar a ter o caos e os ribadenses deciden o que lles parece e ninguén pasa factura e coa nova situación piden que se faga canto antes.

O Sr. Rodríguez Andina pola súa parte di que quere puntualizar ao portavoz do PSOE que é verdade que durante os exercicios 2005 a 2007 existiu esa consignación pero ao iniciarse a licitación é distinto e leva unhos meses paralizado, pero unicamente había que deixalo correr, que agora a tramitación estaba en marcha, e non vale a disculpa e que con non tocarlle xa andaba a licitación.

De seguido por oito votos a favor (dos membros dos Grupos municipais do BNG e do PP) e con cinco abstencións (dos membros dos Grupos municipais socialista e de UPRI) acórdase:

1º. A aprobación da Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular nos propios termos da mesma.

2º. Esixir da Deputación Provincial de Lugo que ésta acometa a obra proxectada polo anterior goberno.

15.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE ADOPCIÓN DE MEDIDAS NOS SECTORES LÁCTEO E CÁRNICO.

Dáse lectura por parte do Sr. López Penabad do Grupo Municipal Popular da Moción que se transcribe de seguido:

“ Moción, que se fundamenta na seguinte EXPOSICION DE MOTIVOS.

Ante a gravidade da crise que está a sufrir os sectores lácteo e cárnico con problemas que poden levar a unha difícil situación de moitas explotacións, debido ás importantes baixas nos prezos que perciben os gandeiros e ás importantes subidas dos produtos básicos para o normal funcionamento das mesmas.

Solicítase do Pleno do Concello de Ribadeo que se adopten os seguintes ACORDOS:

1. Instar ao Presidente da Xunta de Galicia e á Consellería de Medio Rural a que tomen as medidas oportunas para solucionar a situación.
2. Instar ó Presidente da Xunta de Galicia a que realice ante o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino, como máximo responsable, as oportunas xestións para paliar o problema existente.”

O Sr. Reymóndez Gancedo do Grupo Municipal de UPRI manifesta o criterio favorable do seu Grupo á mesma.

Por parte do Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista se manifesta que é unha Moción inconcreta, e que non sabe de que se quere falar na mesma, e que tanto a Xunta como o Ministerio e o Presidente xa se encargan de xestionar eses problemas e que o seu Grupo vaise abster.

Por parte do Sr. Alcalde maniféstase que é unha Moción xenérica e que é inconcreta pero que non lle fai dano a ninguén, e que supón que cada Administración actúe en función das súas competencias e hai a política agrícola común e hai que aterse á mesma, e que con esa salvedade non hai ningún problema en apoiala.

De seguido por dez votos a favor (dos membros dos Grupos BNG, PP e UPRI) e tres abstencións dos membros do Grupo Municipal Socialista, acórdase:

1º. A aprobación da Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular nos propios termos da mesma.

2º. Instar ao Presidente da Xunta de Galicia e á Consellería de Medio Rural a que tomen as medidas oportunas para solucionar a situación.

3º. Instar ó Presidente da Xunta de Galicia a que realice ante o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino, como máximo responsable, as oportunas xestións para paliar o problema existente.

ASUNTO FORA DA ORDE DO DÍA.

AMPLACIÓN DE PRAZO DE EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PXOM.

Dáse conta da proposta de acordo da Xunta de Portavoces do Concello celebrada o pasado venres día 16 de maio de 2008 que se transcribe de seguido:

“Por parte de todos os Portavoces polo tanto formalmente asúmese a proposta formulada inicialmente polo Grupo Municipal Popular para que pase a ser Proposta de todos os Grupos Corporativos como informe favorable da Xunta de Portavoces e polo tanto a mesma, de conformidade co réxime e funcións que se lle ten atribuído por acordo Plenario de data 16 de xullo de 2007 PROPONSE ao Pleno Municipal como criterio unánime dos Grupos Corporativos a adopción como asunto fora da Orde do día e apreciando a urgencia dos acordos seguintes:

1.- A amplación do prazo inicialmente acordado de dous meses de exposición pública nun mes máis, durante todo o mes de xuño de 2008.

2.-A publicación dos anuncios correspondentes do mesmo xeito que se efectuou do acordo antecitado e a máis ampla exposición do acordo que se adopte, para xeral coñecemento.”

Polo Pleno municipal por unanimidade acórdase en primeiro lugar a aprobación do carácter de urxencia do asunto de conformidade co disposto nos artigos 82.3 e 83 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais, ratificándose a inclusión da Orde do día.

De seguido sen promoverse deliberación acórdase, por unanimidade en votación ordinaria, reunindo a maioría absoluta legal:

1º. A amplación do prazo inicialmente acordado de dous meses de exposición pública nun mes máis, durante todo o mes de xuño de 2008.

2º.-A publicación dos anuncios correspondentes do mesmo xeito que se efectuou do acordo antecitado e a máis ampla exposición do acordo que se adopte, para xeral coñecemento.”

16.- ROGOS E PREGUNTAS

Rogos e preguntas pendentes da sesión anterior.-

Por parte do Sr. Rivas Álvarez se manifesta que ten unha pregunta pendente de contestación sobre o importe do aluguer de iluminación e son do ano 2007, sen contestar.

O Sr. Alcalde manifesta que se trata da suma de diversas partidas e conceptos e que vai contestar despois.

Rogos e preguntas novos

Rogos e Preguntas do Grupo Municipal de UPRI

De seguido por parte do Sr. Reymóndeze Gancedo do Grupo Municipal de UPRI pregúntase á Alcaldía cando van a empezar as obras das vivendas sociais anunciadas.

Por parte do Sr. Alcalde se contesta que entende que a adxudicación xa se fixo e que dentro de poucas semanas comezarán, e que terá que formalizar o contratista as fianzas procedentes e hai que facer a acta de replantexamento, previo ao inicio das obras, e que supón que nos próximos días.

Por parte do Sr. Reymóndez Gancedo se pregunta igualmente que cando se vai abrir o prazo de solicitudes, contestándose polo Sr. Alcalde que é algo que está tratando tamén coa Consellería de Vivenda, que mudou a normativa, e vai haber un Rexistro Unico de demandantes de vivenda pública autonómica e que está agardando instrucións da Consellería de Vivenda para facelo conxuntamente, como non pode ser doutra maneira.

Por parte do Sr. Reymóndez Gancedo se repregunta se en definitiva hai un prazo e o Sr. Alcalde contesta que non pode precisar.

Igualmente por parte do Sr. Alcalde se sinala que desde o Concello tamén se poderá presentar a documentación.

Formula unha nova pregunta o Sr. Reymóndez Gancedo do Grupo Municipal de UPRI respecto á Bandeira Verde, e porqué so se presenta o Concello a dúas das catro; contesta o Sr. Cupeiro Rodríguez, Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, que porqué consideraron que eran as dúas que lles podían dar e que non hai outro motivo facendo referencia ás categorías da Bandeira Verde e que poderían pedir polas catro, pero que non hai outra explicación que a de que o presentaron naquelas que consideraban que tiñan os méritos suficientes.

Formula unha nova pregunta o Sr. Reymóndez Gancedo sobre Ordenanzas manifestando que rematan de aprobar unha nova e se ten coñecemento do incumprimento da Ordenanza de Medio Ambiente facendo referencia a uns carteis electorais postos nas farois dunha rúa de Ribadeo.

Por parte do Sr. Alcalde se contesta que ten coñecemento como cidadán, que si, que é certo e hai poucos días cursou unha petición telefónica para que se retiraran porque non procede telas ahí, e reitera que é certo.

O Sr. Reymóndez Gancedo á súa vez sinala que oíndo as verbas do Sr. Rodríguez Andina cando falou fai uns poucos minutos e cando dixo algo respecto a que “si cazan” a un infractor e que, para o que non cumpre a Ordenanza hai unha sanción, e neste caso diante da verba “cazar” pregunta se vai ter unha sanción por incumprir unha Ordenanza municipal.

Por parte do Sr. Alcalde se contesta que non sabe de que carteis, pero que lle parece que sabe porqué llo din, e que en todo caso está a Xunta Electoral se ten algo que dicir, e en todo caso lle pode indicar o que fixo verbalmente e non ten inconveniente en reiteralo por escrito, aínda que é un criterio moi de actualidade aquí que é o do principio de proporcionalidade que

quizais aquí se están buscando solucións a cousas moitos máis gordas que veñen de tempo atrás e andan con panos quentes e non entende se co principio de proporcionalidade tería que fusilar practicamente a toda a xente que deixa durante unhas semanas unha propaganda electoral, pero que respecto á pregunta- rogo do Sr. Reymóndez Gancedo se lle dará en breve conta diso.

O Sr. Reymóndez Gancedo pola súa parte replica á Alcaldía que supón que ese principio de proporcionalidade o aplicarán tamén aos veciños cando incumplan durante semanas.

De seguido formúlase polo Sr. Reymóndez Gancedo o rogo de que se proceda a adecentar os setos do parque e da Virxe do Camiño.

Por parte do Sr. Cupeiro Rodríguez se manifesta que aceptan o rogo pero que hai que darse conta de que están nunha precariedade de persoal entre baixas, brigadas que rematan e que esta sen rematar e poderían estar recortados , que acepta o rogo que lles propón pero que hai cousas mais importantes por mais que ésta o sexa, pero que tamén hai outras que teñen que estar, co presuposto que se ten para facer, e hai cousas que son tan importantes como as de ese peche vexetal.

Formula un novo rogo o Sr. Reymóndez Gancedo en relación ás áreas recreativas de Frieira Nova, Vilaframil, e A Devesa e manifesta que claman ao ceo , manifestándose por asentimento que rogo aceptado.

De seguido por parte do Sr. Reymóndez Gancedo faise referencia a que na rúa Rosalía de Castro, aínda que logo se corrixe e di que é na Avda. de Galiza, desde Alimerka ata o Mirador hai farois que vai boa que non funcionan e piden que se poñan en funcionamento.

O Sr. Alcalde contesta que a realidade é que como consecuencia das obras de execución dos edificios, déuselles a estes a licenza de primeira utilización , quedaron sen funcionar esas farois , e a cuestión xa xurdiu noutro Pleno e xa dixo que mandou ao arquitecto municipal e lle deu instrucións oportunas para que repuxeran e se é sincero non se voltou a acordar diso, e que non ten problema mañá mesmo en reiterar que eso se poña, e senón tomarse medidas subsidiarias de execución con cargo ao correspondente promotor.

O Sr. Reymóndez Gancedo manifesta que quere reiterar o rogo do Pleno pasado de que se subsanen a falta do STOP que existía en A Devesa, baixando de Noceda preto da Igrexa e rógalle ao Alcalde que o poña , que é perigoso que non haxa nunha estrada do Concello.

Por parte do Sr. Alcalde se contesta que ten razón e que a primeira hora dará instrucións e a última hora estará posto o sinal, dando grazas ao Sr. Reymóndez Gancedo.

Incidentalmente por parte do Sr. Alcalde se manifesta que van contestar á pregunta pendente do Sr. Rivas Álvarez do Grupo de UPRI en relación ao custo solicitado manifestando que no ano 2007 a partida contemplaba un gasto de 100.000 euros e que o gasto que se efectuou foi de 22.968, 00 euros, de toda a actividade.

Rogos e Preguntas do Grupo Municipal Socialista

De seguido pasa a formular varias preguntas e rogos don Ramón López Pérez, do Grupo Municipal Socialista.

O Sr. López Pérez manifesta en primeiro lugar que quere facer un rogo respecto a unhas pistas que se amañaron na parroquia de Vilaselán en concreto a pista dos Loureiros a Campoxurado, que cree recordar que amañaron cun destes planes de medio rural e que a pista está desfeita, e que COPASA fixo as obras de sumidoiros e TRAGSA as de asfaltados e que logo con motivo das chuvias , etc. están deterioradas e non quere ensinar nin recordar vellos tempos do ensino de fotografías na sala de Plenos, pero ten fotos que lles facilitaron os

veciños, e pide que revisen a situación e que o estado é deplorable e que preguntará no próximo Pleno.

Por parte do Sr. Alcalde se contesta que ten toda a razón e que a realidade é que a execución das obras foi moi deficiente, e que COPASA era unha empresa que traballa para Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente , que as obras non están recibidas nin se van recibir e por parte da Alcaldía se enviou aos técnicos para facer un informe xa que deixaron os viarios da costa intransitables e que houbo unha resposta de Augas de que según a empresa por ahí non pasaron, e iso é algo demencial.

Por parte do Sr. Alcalde se manifesta así mesmo que nada mais recibir eso choveu e tendo en conta que a compactación que xa era bastante precaria e repisou todo o solo, e o mesmo día desa caída de auga contactaron con Augas de Galicia e o día seguinte veu xente da Empresa e dixo que como primeira medida se ía botar un pouco de zahorra nos camiños para intentar saír do paso , pero o certo é que pasou un mes e pico e se quedou con toda esa zahorra, e deuse un tempo prudencial e non se fixo mais e hoxe mesmo indicou ao Sr. Secretario de facer un escrito reiterando o pedido e negando esa falsidade de que por ahí non pasaban os camións, e que procedan a reparar canto antes o que estropearon, tanto na execución da obra, como por mor do tráfico ocasionado con toda esa obra.

O Sr. López Pérez di pola súa parte que agarda que se solucione e senón no próximo Pleno voltará a preguntarlle ao Alcalde por iso.

A continuación por parte do Sr. López Pérez se fai unha pregunta en relación ao tráfico na rúa San Lázaro manifestando que se aparca nas dúas beiras e o sentido é de dobre circulación e a verdade e que hai momentos en que non se poden cruzar dous vehículos e o caso é bastante grave; que incluso lle apuntou ao Alcalde unha posibilidade de regulación do tráfico na zona , que todos saben as consecuencia de limitar o acceso ou poñer un dobre sentido , as protestas, etc., e polo tanto apuntou o Alcalde a posibilidade de que o aparcadoiro fose quincenal, como fan en moitas cidades, cunha marxe dereita e esquerda para que os coches poidan entrar perfectamente; que pide que se regule esa zona que é moi deficiente.

Por parte do Sr. Alcalde contéstase que debería estar feita fai tempo a obra e a petición a fixo tamén fai tempo, e que quedaron os operarios en pintar fai unha semana de liña amarela a marxe dereita indo cara a Vilela nun tramo entre o Bodegón e o Muiño aproximadamente e cree recordar que esa foi a solución técnica que o arquitecto , o Xefe de Policía, etc. consideraron a mellor solución; que non vai restrinxir o aparcamento e o aparcadoiro municipal está ao pe e non está cheo casi nunca e van pintar de liña amarela para que en todo caso aparquen dun nlado pero que poida haber dous sentidos de circulación e non considera oportuno poñer unha regulación quincenal porque pensa que será un follón, e entón van intentar se o tempo o permite que quede pintado nunha semana.

O Sr. López Pérez, a continuación manifesta que cree que o Sr. Alcalde ordenou nos baixos do “Bar Cubano” protexer esa zona que estaba en perigo e agora non hai ningún tipo de protección e hai un pedazo que caeu totalmente e que está á vista e pode ser un perigo para os cidadáns; que cree recordar que xa anteriormente viu a cinta vermella e branca protexer a zona e agora non hai nada e pode ser un perigo; que formula o rogo polo ben de todos de que se acometa á maior brevedade a protección referida.

Por parte do Sr. Alcalde se contesta que é certo que mandou poñer un valado en precario e o moveron e non está protexido, e polo menos que a xente non estea ahí dentro e que esa é unha das tantas vivendas, das catorce ou quince que se lles mandaron escritos nos últimos tempos para que adoptaran medidas de salubridade, seguridade e ornato público e que esta mesma tarde estaban traballando nunha das vivendas da rúa Trinidad, 6 e teñen coñecemento que dun xeito inmediato van rematar as obras na rúa Amando Pérez fronte ao “Millo” e nesta do “Bar Cubano” está redactado o Proxecto de rehabilitación e nembargantes as medidas hai que tomalas independentemente, xa que teñen vinte días ou un mes , teñen que redactar o proxecto, visalo , ir a Patrimonio e todo tardará un par de meses se non hai

moita espera pero que mandará que se tomen as medidas oportunas para que exista seguridade.

Formula a continuación unha pregunta a Sra. Concelleira dona María José Rodríguez Arca que pregunta se se vai abrir ao tráfico ou peonalizar a rúa Ramón González ou que se vai facer.

O Sr. Alcalde manifesta que ten falado desta cuestión cos portavoces dos Grupos Municipais e saben o seu criterio, pero como todo o mundo lle pregunta non ten porque evitar o asunto; que non tomaron a decisión material todavía porque estaban agardando polo mobiliario urbano que se está demorando, as farolas que non viñeron todavía e ahí teñen dúas posibilidades e van escoller unha e se é unha revolución social non pasa nada e cambian, pero non o debería ser; que entende que é mellor deixar a rúa peonil, somente de acceso á xente que vive alí polos dous sentidos, seguindo o criterio da Policía municipal como na rúa Reinante dun xeito similar; que así se garante o paso libre de todos os viandantes e así se pecha un circuíto de peonalización do casco vello e con iso facilita que o comercio local nesa rúa que é o mais importante de Ribadeo poida tranquilamente polas mañás aparcar os seus vehículos como se fai para os suministros na rúa Reinante, etc.; que en horarios de mañá como veñen facendo sen problema nos últimos anos noutras ruas peonís, como tamén na Rúa Rodríguez Murias e que iso vaia funcionando así.

Polo Sr. Alcalde sinalase que se non é así se tomarán medidas para garantir a seguridade das persoas porque agora a beirarrúa e a calzada están no mesmo plano, para evitar circunstancias nada agradables como o visto nestes últimos meses, a xulgar polo que estivo pasando na rúa Doctor Moreda, na que non se tomaron medidas mais contundentes en función de que estaban en obras na rúa Ramon González e se podía xulgar que na rúa Doctor Moreda a liña amarela era sistemáticamente incumplida por todo o mundo con diversos pretextos.

Prosegue sinalando o Sr. Alcalde que iso non o poden permitir, e que agora coa zona "ORA" se vai a resolver definitivamente e na rúa Ramon González se non o fan así, e se non é para o acceso dos peóns, etc. restrinxindo da carga e descarga de mercadorías e dos residentes para as prazas de garaxe, terán que poñer unha serie de bolardos a ambos lados da vía, estreita, para somentes garantir o acceso do tráfico pero non de parada, nin para baixarse un momento porque senón ostaculizaría o tráfico; porque se non se poñen bolardos e deixan cortar o tráfico, ten que velar pola seguridade pública da xente porque hai un caixeiro automático, hai un estanco, farmacia, etc. e non pode ser que se poña en perigo a seguridade pública das persoas; entende que esa situación é a que se estivo producindo nos últimos meses, sen que se poida acreditar unha circunstancia extrema de inconveniencia e que si isto se deteriora insostiblemente se instalan 40 bolardos e se poñen a ambos lados e punto, e que con iso está contado todo.

Intervén a continuación o Sr. Pérez Vacas que manifesta que deste rogo que lle vai facer xa lle falou ao Sr. Alcalde e que querría que o Sr. Alcalde en nome de toda a Corporación lle exprese a mais enérxica repulsa, a quen corresponda que cree que é á Consellería de Medio Rural pola tala que se fixo de árbores centenarios na Granxa Pedro Murias, que cre que non é de recibo que unha Consellería permita a tala desas árbores e sobre todo porque cree que o motivo é facilitarlle a labor a unha empresa que tanto colabora co Concello como é Barras Eléctricas para exercer o dereito de voo sobre esa situación.

Por parte do Sr. Alcalde se manifesta que é novidoso o sistema utilizado polo Sr. Pérez Vacas en vez de facer unha Moción, polo menos nesta Corporación, e que é mellor unha Moción con tempo a estudiala porque ao seu Grupo lle dará tempo a mirar que pasou con todo iso.

O Sr. Pérez Vacas pregunta se o Sr. Alcalde non estaba ao corrente do que sucedeu, respostándose por este que non está de maneira oficial ao corrente, e ten que ser por papeis oficiais e non por rumoroloxía, en vez de os periódicos como un ex_presidente do Goberno prefere ter documentación, e así vaise negar a darlle esa traslación agora mesmo, e que non

obstante se o fai como rogo ordinario a través dunha Moción que cada grupo vote o que crea convinte.

O Sr. Pérez Vacas, do Grupo Municipal do PSOE a continuación manifesta que quere realizar unha pregunta en relación as obras que se están facendo denominadas Xardin do Indiano, e que entende que o proxecto que se está levando a cabo non coincide para nada co que se levou ao Pleno e quere saber se é un novo proxecto porque non ven a Pleno, e se hai algún modificado ou algo que deba saber, e se estea facendo alí.

O Sr. Alcalde contesta que como ten algo de mais coñecemento o Sr. Pérez Vacas se quere entre todos que lle xestionen para facer unha repulsa o mais enérxica posible diante do Delegado de Medio Ambiente e da Consellería de Medio Rural, perdón de Medio Ambiente (O Sr. Alcalde pide perdón e di que se está a referir á de Medio Ambiente), porque desde que o que está no uso da palabra é Alcalde non tivo mais coñecemento de que había que facer un modificado e a empresa que fai a obra é a empresa pública TRAGSA, e que non o fai para o Concello senón para a Consellería de Medio Ambiente por deficiencias do proxecto, segundo eles, do que non teñen que dudar, reiteradas inasistencias por parte do creador e redactor do proxecto, de recoñecido prestixio pero que segundo a empresa TRAGSA e o representante da Consellería de Medio Ambiente, lle comentaron que fora imposible, que non se lles quixo poñer para aclarar diferentes aspectos non aclarados do proxecto á Consellería de Medio Ambiente ; prosegue manifestando o Sr. Alcalde que enviaron hai unhas meses unha proposta de Convenio para o cambio de anualidade para que non se perdesa , dado que dispoñían de pouco tempo e non lle pode dicir nada mais, pero se quere podenlle mandar unha proposta de repulsa sobre todo.

Por parte do Sr. Alcalde así mesmo faise mención a que hai un terreo de areas movedizas que descoñece, pero tamén cree saber que había unha partida adicional dun diñeiro mais importante que agora nin está previsto, nin se lle espera que chegue, e non sabe se terá que ver con algunha cuestión política, que pensa que non, pero ven a xulgar por como están moitas cousas, e que sería importante porque polo que tiña entendido fronte dos Canapés tamén se ía facer unha actuación e non a vé por ningunha parte, non lle consta e como quizais o Sr. Pérez Vacas teña mais interlocución diante desa Consellería, prégalle por favor e llo agradecería públicamente se pode rescatar ese proxecto adicional porque non ten coñecemento eiquí por escrito no Concello pero lle consta que o hai.

O Sr. Pérez Vacas , a súa vez replica ó Sr. Alcalde que si require o Sr. Alcalde o seu apoio para esa enérxica protesta por suposto que o vai a ter. Que a pregunta que lle fai é si o proxecto que está abaixo, o que se presentou e aprobou e o que se está executando no denominado Parque de Indianos, e que do resto , de toda a literatura que lle soltou non sabe o que quere dicir , tampouco él , e o que quere saber é se se axusta ao proxecto presentado e aprobado o que se está facendo, se si ou non ou se hai modificacións, ou se ten coñecemento doutras cousas, e que de todo o resto non lle preguntou nada.

Contesta o Sr. Cupeiro Rodríguez como Concelleiro Delegado de Medio Ambiente que estivo falando un pouco coa xente que veu, e desde lugo no nome da Consellería cando chegou a empresa que ía a executar a obra se encontra con que o proxecto para nada coincidía coas medidas reais que existían alí, e entón tiveron que tomar cartas no asunto e modificar o proxecto porque non coincidía.

Por parte do Sr. Pérez Vacas se pregunta se existe esa modificación no Concello, respostándose polo Sr. Cupeiro Rodríguez que que él saiba non, e contesta o mesmo tamén o Sr. Alcalde, e polo Sr. Pérez Vacas se repregunta se entón están facendo o que queren e se é o que quere o Concello ou o Delegado de Medio Ambiente, contestándose por este que non se quere meter.

O Sr. Pérez Vacas pola súa parte volta a preguntar que é o que están facendo no Xardin de Indianos e sinala que no proxecto que está abaixo (en referencia ás oficinas xerais) contéplase 6 zonas previstas, incluídos os Canapés, e a Escola de Idiomas, etc. e entón

como ve que non se iniciaron as obras por iso fai a proposta , sen mais retranca nin mais nada e que cree que non se axusta o proxecto nin é o que se está facendo alí.

Contesta o Sr. Cupeiro Rodríguez, como Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, afirmando que xa que o Sr. Pérez Vacas reincide neso, como resulta que esas acotacións non coinciden coa realidade se imaxina que o proxecto será o mesmo , porque desde logo non se modifica un proxecto nin se pide autorización ao Concello, e que o que farían sería que collerían novas cotas.

Por parte do Sr. Pérez Vacas se pregunta ao Sr. Concelleiro Delegado se é que o imaxina ou se é así, e que haberá que preguntarllo a alguén.

Por parte do Sr. Cupeiro Rodríguez, contéstase que o proxecto que están executando tiña un problema de cotas, e cando van medir, como non coincidía e o plano era moi superior ao solo que había , pois lóxicamente cando se poñen en marcha e en contacto co arquitecto que redactou o proxecto parece ser que ese arquitecto cando o chamaron “a contas” para vir a Lugo precisamente a Consellería, quedan ás 12 horas e presentase ás 3 da tarde , e non é problema seu, será da Consellería de quen lle pediu o proxecto, e resulta que da disculpas e desde logo non ten ningunha responsabilidade niso e lle piden por favor que se pode , lle van agradecer que iso se execute da mellor maneira posible, pois xa que non pode facer absolutamente nada, está redactado, e trouxo bastantes problemas e como os trouxo non saben os problemas que houbo en Lugo, e ninguén lle vai dicir mais que iso que lle está contando.

O Sr. Pérez Vacas formula unha nova pregunta manifestando que o 21 de abril de 2008 deu con profusión de medios o Sr. Alcalde a información do incumprimento da Ordenanza técnica de edificios concretamente dun na rúa Trinidad núms. 4 e 6 e lle daba 48 horas para que levara a cabo as obras, e 696 horas despois ou sexa no día de hoxe cree que se iniciaron, a pregunta que lle fai é ¿cantas multas coercitivas se fixeron para conseguir dita execución? .

O Sr. Alcalde contesta que ten “tela” que llo diga agora o Sr. Pérez Vacas despois do mandato pasado e que o Sr. Pérez Vacas foi Alcalde e despois das reiteradas peticións do actual Alcalde.

Por parte do Sr. Pérez Vacas contéstase que tamén o Alcalde actual era parte do goberno anterior, e o Sr. Alcalde di que había un compromiso e despois do que aquí se ía mandar resulta que segundo os técnicos non se chegou a enviar nada de nada, ou sexa que os primeiros requerimentos que se enviaron foi polo Alcalde no uso da palabra, e que nestas últimas 640 e pico horas, efectivamente desde que se manda o requerimento a esa propiedade que está en Madrid, se envía por acuse de recibo, e desde que se enviou ata a certeza de que chega non se pode facer o cómputo das 48 horas, agás que arisque a perder a garantía porque se pode tirar todo o procedemento, e non sabe se o quixera recibir porque lle estrana que tarde moitos días, e seguro que chegou ese requerimento, e ese acuse de recibo devolto , entre onte e hoxe, retiraron as partes que o técnico municipal do Ari lle requeriu como as primeiras medidas a adoptar, e se son dabondo ou non os técnicos o determinarán, pero que desde logo lle doi que lle diga iso porque de todos os Decretos que lles enviaron déronlle a un 48 horas , a outro 12 días, 7 días, etc. e outros non teñen criterio estrito de prazo , pero se lles cnvida a que adopten medidas e senón o Concello que lle crean que aínda que non teñan moito diñeiro si o suficiente para executar subsidiariamente as obras dos que non as queiran acometer por razóns de seguridade pública.

Por parte do Sr. Pérez Vacas pregúntase igualmente para cando ten a Alcaldía previsto realizar a sinalización horizontal de pasos cebra.

Por parte do Sr. Alcalde contéstase que xa no Pleno anterior lle preguntou o Grupo Municipal de UPRI e que contesta o mesmo, que debe ser algo urxente dada a situación de moitos dos pasos xa despintados, pero que habendo un proxecto era una pena pintalos, xa que é algo que ven contemplado no proxecto, que reitera que o proxecto que se pediu para a subvención non

contemplaba todos os elementos dun proxecto para licitar (estudio de seguridade e saúde, e algunhas cuestións mais) e encargoulle encarecidamente ao Arquitecto municipal para que o tivera previsto nun período curto de tempo , e o certo é que o arquitecto municipal co Plan está todos os días na Oficina vella de turismo, agás o luns que vai a un cursiño sobre a nova Lei que polo tanto cree que nos próximos días se pode licitar toda esta importante subvención que lles concederon hai unhos meses.

O Sr. Pérez Vacas formula outra pregunta sobre se xa se respostou a unha carta que recibiu do Comité de hermanamento coa localidade francesa de Loctudy.

Por parte do Sr. Alcalde contéstase que si entende a pregunta pero non fixo nada respecto á carta e que primeiro lle poñen de media volta na prensa e logo ven a carta, e que non o di pola autoría, senón por quen está intermediando co Comité de hermanamento, e que non ten nada que dicir en absoluto da xente de Loctudy, e que enviaralle unha carta nestes días propoñéndolle continuar pero logo deberán reunirse todos os portavoces a ver que determinan.

O Sr. Pérez Vacas formula outra pregunta en relación á frecuencia da recollida dos plásticos nas zonas rurais, sinalando que recibiron unha serie de queixas en relación con iso , que había mais problemas e pide que se trate de solucionarlos.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, como Concelleiro Delegado contesta que respecto á recollida de plásticos de silos no medio rural , e os veciños o saben desde hai tempo, teñen que chamar ao Concello para dicir que os vaian recoller e que saiba o Concelleiro Delegado se fai cunha frecuencia, e os chaman e nun prazo mui curto de tempo se fai, pero outra cousa é que non chamen, pero se chaman inmediatamente se lles vai recoller, e pode ser que en As Anzas a persoa que llo dixo, (ao Sr. Pérez Vacas) non sabe que hai que chamar e teña os plásticos alí pensando como moita xente que os botaban no contenedor amarelo sen saber que no contenedor amarelo non se poden botar iso ; prosegue sinalando o Sr. Concelleiro Delegado que nas charlas que están facendo sobre o Plan aproveitan para dicirlle aos veciños que o contedor amarelo non pé para ese tipo de residuos.

Por parte do Sr. Pérez Vacas a continuación se manifesta que quere formular un rogo e é que se dean as instruccións correspondentes porque a Fonte do Cobo está vertendo auga desde fai meses e resulta que está obstruída ou tapada ou lle pasa algo.

O Sr. Alcalde contesta que ese rogo o fixera xa o Sr. Reymóndez Gancedo e cree recordar que mandou á emprsa AQUAGEST que o arranxara e ou se volveu a estropear ou non fixeron caso. Tanto o Sr. Reymóndez Gancedo como o Sr. Pérez Vacas manifestan que non actuaron.

Rogos e Preguntas do Grupo Municipal Popular:

Intervén a continuación o Sr. López Penabad do Grupo Municipal Popular que pregunta á Alcaldía polo amaño integral do entorno do Colexio Sagrado Corazón.

Por parte do Sr. Alcalde contéstase que cando liciten e adxudiquen as obras do PDT complementario que prevía unha serie de melloras, pasos de cebra, etc. e tamén contemplaban a rehabilitación integral da rúa Carlos III e agarda que coincida coa época estival para intentar molestar o menos posible aos nenos e pais cando vaian ao Colexio.

Formula tamén outra pregunta o Sr. López Penabad sobre a estrada de servizo ao punto limpo e fonte do Valín, e cando se pensa amañar a estrada , contestándose pola Alcaldía que está bastante deteriorada e que na previsión do orzamento de 2008 se contempla.

Por parte do Sr. López Penabad se formula o rogo de que se retirara o cadro eléctrico da Fonte do Parquie, que lles parece que é bastante feo, donde está a ubicación e pódese poñer encastrada na zona de entrada se é posible, e o Sr. Alcalde contesta que se é posible supón

que se fará que xa viña no proxecto, e o Sr. López Penabad contéstalle que no muro creará menos impacto que se se pon ahí.

Por parte da Sra. Sanjurjo Santar do Grupo Municipal do PP así mesmo pregúntase se por parte do Sr. Alcalde se xestionou diante da Deputación Provincial que se efectuase o rozado das cunetas das vías provinciais.

Por parte do Sr. Alcalde contéstase que hai unha temporada se plantexou nun escrito en relación ao asunto que ou o fixeran eles ou deran os cartos para facelo e en principio aceptouse que o seguiran facendo eles, pero agora a cuestión é realmente que o fagan.

A continuación por parte da Sra.Sanjurjo Santar se fai un rogo en relación ao piso tutelado que é de que se poña un lavavaixelas e por parte do Sr. Alcalde contesta que lle estrana que non seguiran o conducto interno para dicirllo, de que non funcionase e que non teñen porque non facerlle o rogo pero non sabía que estivera estropeado.

Di o Sr. Rodríguez Andina que é que igual o seguiron.

O Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular di ao Sr. Alcalde que non é que estea estropeado é que non o hai.

Así mesmo a Sra.Sanjurjo Santar fai o rogo de que se arranxen as goteiras no Auditorio sinalando que ademais de molestar aos que escoitan molestan aos que actúan.

A Sra.Concelleira Delegada de Cultura dona Mari Luz Álvarez Lastra manifesta que necesita unha revisión total o auditorio e que estaba o asunto do circuíto de aire acondicionado que levaba tempo sen mirarse, a calefacción e o sistema das goteiras polas terrazas que filtran ; que os operarios municipais miraron reiteradamente pero é unha obra que supón unha importante inversión de diñeiro e pediron algunha subvención á Xunta, a que se acollen para lugares donde se realizan actos e lles concederon 8.000 euros, pero hai que poñer unha parte; que tamén se precisa unha partida para arranxo das goteiras e que incluso pensaron en facer unha sala pequena de 50 butacas mais ou menos para cando se fai grande o auditorio e se é posible pechando unha das terrazas para facer unha sala de usos múltiples.

De seguido pola Sra. Sanjurjo Santar faise igualmente referencia como rogo á situación dunha farola na rúa Pintor Fierros na esquina fronte aos contenedores de lixo do Campo de fútbol, e que está levantada da beirarrúa . Polo Sr. Alcalde se di que toma nota.

A continuación por parte do Sr. Duarte Díaz tamén do Grupo Municipal do PP se formula un rogo respecto á Plazoleta traseira do cine Teatro e pregunta se esta superficie está aceptada polo Concello e manifesta que non se atopa en condicións.

O Sr. Alcalde di que cree que si que está aceptada coa licenza de primeira ocupación do edificio e que se está escachando e que precisamente estivo co arquitecto e requeriu verbalmente ao constructor pero senón a repara se fará por un procedemento formal e que as obras teñen unha garantía.

Por parte do Sr. Duarte Díaz igualmente se manifesta á Alcaldía que vai dar unha solución que lle deron, ao Alcalde respecto a como se pode aforrar diñeiro rebacheando; que recorda o Sr. Duarte Díaz que lle pediu o Alcalde varias veces polo sementeiro de baches nas rúas de Ribadeo e ao día de hoxe foi cumprindo, pero que segundo lle explicaron para que surta uns efectos positivos o rebacheo ten que contar como se debe facer, e consiste en primeiro lugar en facer un rascado cos cepillos do contorno do bache e logo botar o asfalto en seco e da un resultado estupendo e a duración é infinitamente maior e isto aínda que poida costar un pouco mais pero que considera que é unha forma axeitada de empregar o diñeiro o mellor posible en beneficio do Concello e dos veciños de Ribadeo e que ésta é unha suxerencia para que o Alcalde tome en consideración ou deixe de tomar.

Por parte do Sr. Duarte Díaz así mesmo se pregunta se está recibida a rúa San Francisco e fai referencia a que se lle teñen posto varios motes. O Sr. Alcalde manifesta que si que está recibida con deficiencias e o Sr. Duarte Díaz manifesta que están nas mesmas que en Ribadeo

son dados a darlle motes ás cousas e o Sr. Alcalde pola súa parte, en tono distendido, fai referencia aos motes da rúa.

A continuación o Sr. Duarte Díaz pasa a referirse a que houbo un afundimento nas Catro Calles e que ten que botarlle unha man , botando cemento e subindo os adoquíns. En relación á rúa San Francisco manifesta o Sr. Duarte Díaz que esa mesma rúa cando chove lóxicamente non recolle as augas como é debido e entón mentres que baixan inundan totalmente as catro calles e hai cantidade de sitios en que se produce e o adoquin están sometido e é motivo de poceiras cando chove e que é a rúa mais peonil e que poden arranxalo con persoal de obras e poñelo á altura regulamentaria.

A continuación o Sr. Duarte Díaz fai tamén referencia a que se produce un asunto nas inmediacións das vivendas sociais, nos columpios, donde houbo nenos pinchados, no Xardin e que parece que se pincharon cinco nenos cun elemento que hai alí e non está ben , que aquilo se atopa desguazado e feito unha porquería. O Sr. Alcalde lle pregunta se foi fai moitos días e o Sr. Duarte Díaz di que non quixo traer fotografías , quixo unha persoa facilitarllas pero él non quixo e faille a pregunta ao Alcalde; este contesta que ordenará que se arranxen pero curiosamente estivo fai un par de semanas ou así e detectou varias deficiencias , un columpio roto, unha taboa arranxada cun cordón, varias planchas de caucho , etc. e ordenou á brigada de obras arranxar todo iso.

Por parte do Sr. Duarte Díaz igualmente faise referencia a que o Sr. Pérez Vacas falou do Parque de Indianos e que respecto a isto aínda que sexa unha realidade algún día , esten ben ou mal tomadas as cotas e haxa que reformar ou retocar o proxecto non se pode levantar terra, deixar unha máquina excavadora e non traballar e que parece un desastre, unha imaxe de abandono total, pero como xa teñen antecedentes dalgunha rua como é a rúa que tamén UPRI denunciou de San Lázaro, lóxicamente non vaia ser que as empresas vexan en Ribadeo unha colmena estupenda, e que veñan a Ribadeo a facer o agosto e os ribadenses ven como o Xardin está totalmente levantado, e sen traballar nel.

De seguido por parte do Sr. Rodríguez Andina, voceiro do Grupo Popular, pásase a formular unha serie de preguntas á Alcaldía.

En primeiro lugar polo Sr. Rodríguez Andina se pregunta cantas Escolas Deportiva Municipais rexen agora mesmo neste Concello.

Contesta o Concelleiro Delegado de Deportes don Vicente Castro Reigosa que manifesta que tería que repasalas pero a “bote pronto” cree que son 14.

O Sr. Rodríguez Andina pregunta cando empeza cada unha, e se algunha empeza en abril ou maio e se aínda non empezou.

O Sr. Castro Reigosa, manifesta que hai escolas que teñen a temporada completa e hai outras como as chamadas náuticas ou de verán que empezan en distintas datas.

O Sr. Rodríguez Andina pola súa parte volta preguntar sobre o mesmo asunto se hai algunha que tivera que empezar e non empezou.

O Sr. Castro Reigosa resposta que houbo un problema e que nas últimas temporadas a Escola de Vela, incumpriu sistemáticamente, durante dous anos seguidos o convenio polo tema do horario e que este ano non se vai facer, porque de momento non atoparon para substituír ao Clube Náutico para levalo a cabo e foron dous anos consecutivos incumprindo o Convenio e non llo van a dar.

O Sr. Rodríguez Andina pregunta se hai algunha escola que empeze ás tres da tarde como lle dixeron e o Sr. Castro Reigosa di que non ten coñecemento e terá que miralo e que considera que as tres son horarios que non son adaptados aos previstos.

O Sr. Rodríguez Andina sinala que o di simplemente porque non é a mellor hora.

A continuación o Sr. Rodríguez Andina pregunta respecto á situación da Casa da Ría e que proxectos hai para ela, porque cree que eso está bastante abandonado desde fai bastante tempo e sen facerlle case nada, segundo lle parece.

Contesta o Sr. Cupeiro Rodríguez, Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, que di que efectivamente a Casa da Ría ten agora mesmo unha serie de deficiencias que non veñen de agora, por suposto, que veñen do momento da execución e como é co que se encontran agora mesmo, é que chove dentro dela, debaixo da terraza concretamente, e non quere culpar a ninguén, simplemente constatar un feito que se pode ver, que chove dentro como se non tivera lousa, que ten plaqueta e cando chove a través da columna central cae, xa que cando se fixo a terraza en vez de facerlle un peralte que correra hacia fora para que poidera desaugar a ten hacia dentro, enton cola pola columna central que é exagonal ou octogonal e a auga cae por ahí, co que o que é a conexión eléctrica está francamente deteriorada e cortocircuíta, están estudando pedir unha subvención aínda que si poden solucionar o problema eléctrico para eliminar o cortocircuíto; que están buscando unha solución par acometer esas obras, o pintado das contras que están pola parte leste, que tamén están en mal estado, e que hai trafiqueros que van por alí; que tiveron un problema e o teñen coa alarma de vixilancia, e que é curioso, que leva dous anos desconectada e estaban pagando, que son cousas curiosas; que había e hai unhas produtos que foran comprados hai polo menos seis anos e os bidóns están ahí sen utilizar, entón é unha sorpresa encontrarse con todo iso.

Prosegue a súa intervención o Sr. Cupeiro Rodríguez preguntando que é o que teñen que facer e respostándose, por el mesmo, que lóxicamente intentar solucionar todas esas deficiencias e intentar poñer a Casa da Ría cun proxecto que realmente teñen solicitado á Consellería de Medio Ambiente, ao Sr. Reza que dixo que ía axudar para ter unha persoa nese inmovible, un biólogo que poidera estar ahí para poder facer un programa de todo, de todo o que sexa o desenvolvemento cultural-explicativo do que é a Ría e os temas medioambientais; explica así mesmo o Sr. Concelleiro Delegado no uso da palabra que o domingo 17 tiveron ahí o Día mundial do Sol ao cal asistiu pouca xente a pesar de que saíu nos medios e se celebrou, e pode funcionar a Casa da Ría no verán independentemente de que todos eses problemas que hai, dos eléctricos que hai solventar e doutras cousas mais e xa deu orde de que cando se revisen os extintores se recollan todos e esos da Casa da Ría non se revisaron, e tamén hai os temas de seguridade, etc. e conclúe o Sr. Concelleiro Delegado que están en marcha con todo iso.

Manifesta tamén o Sr. Cupeiro Rodríguez que non sabe se a pregunta era por outro motivo ou porqué era.

O Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular, sinala ao Sr. Concelleiro Delegado que menos mal que lle contou o do Día do Sol porque respecto ao resto non preguntaba nada e tampouco preguntaba nada das deficiencias múltiples e diversas no Auditorio e agora resulta que lles contan todas as penas que teñen, pero que miren, que están gobernando e teñen que resolvelas.

O Sr. Cupeiro Rodríguez di que hai que contar os antecedentes.

O Sr. Rodríguez Andina pola súa parte di que hai moitas cuestións de antecedentes e que poden contar cando houbo que amañar a piscina e resulta que tamén houbera goteiras de cando se fixo a piscina por primeira vez e pide que se deixen de historias.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro Delegado de Economía e Facenda di que ten un custo e o Sr. Rodríguez Andina lle replica que claro que si, pero que hai que xestionar e amañar.

O Sr. Rodríguez Andina formula o rogo de que entón que se tomen as medidas para que tanto no Auditorio como na Casa da Ría a pesar das dificultades se faga algo aparte de acordarse dos defectos que teñen.

Por parte do Sr. Alcalde se afirma que a vista dos antecedentes , intentando resolver as problemáticas pasadas pero que subxacen, intentarán seguir adiante con iso.

O Sr. Rodríguez Andina a continuación formula un rogo respecto aos contenedores sinalando que debe procederse a suxeitar os mesmos e que hai verdadeiras carreiras de contenedores os sábados pola noite , e menciona explícitamente que é no “Gayoso” e en montóns de sitios , que hai moitas “carreiras” e pode dar lugar a reclamacións patrimoniais, e roga que se teña eso en conta e se se está tan mal economicamente polo menos correxilo.

O Sr. Rodríguez Andina di que quere formular pola súa parte un último rogo, e refírese a que na última temporada nalgúns medios de comunicación ven determinados artigos que entende que deben ser declaración do Alcalde sobre determinadas maravillas que leva este Plan (en referencia ao Plan Xeral aprobado inicialmente pola Corporación).

Manifesta o Sr. Rodríguez Andina que entende que claro, que cada un pode intentar vender o artigo como queira, e tratar de explicar a cousa como queira, pero cree que en ben desa concordancia e unanimidade que levan co Plan era bo sacalo doutros niveis e mantelo nesa unanimidade de todos os Grupos, é dicir están tratando de facelo todos os Grupos e están poñendo o mellor que saben para ese Plan, e polo tanto será bo que ninguén trate de aparecer como francotirador, sobre todo cando hai algunhas das afirmacións que non as comparte dalgún xeito.

O Sr. Rodríguez Andina manifesta que particularmente discrepa absolutamente xa que non remata de encontrar tantos campos de fútbol, xuntos , en tantos sitios en Ribadeo que non estiveran xa noutros Plan previos, e que hai mais zonas verdes, pero non remata de encontrar ese “boom verde”, que a veces a través dos medios se quere situar, e rogaría que polo ben da boa marcha , como di o portavoz do PSOE sempre, polo “buen rollito” mantiveran unha liña unánime.

O Sr. Alcalde contesta ao Sr. Rodríguez Andina, en relación ao rogo que sabe ben o que di e que unha cousa é o que di e outra o que figure nos medios de comunicación e ao respecto da noticia que se pretende dar; pero que quere dar datos e o primeiro é que o que se di e sempre se argumenta e que é un Plan aprobado por todos, e que quen fixo esa reconstrucción virtual e esa información foi a empresa redactora do Plan en función do que entre todos aprobaron e que non sabe se obraron de boa ou mala gana uns e outros, e que tamén podía ser pola súa parte (do BNG) pero o que se pon son simulacións e cítase que é unha simulación e se queren que aleguen contra o Plan pero non contra a simulación, que era o que faltaba.

Prosegue sinalando o Sr. Alcalde que a cuestión dos campos de fútbol, etc. se pon como referente para determinar unhas magnitudes, xa que ao mellor hai xente para a que dous mil metros cadrados non lle di nada pero se se sinala que seis mil metros cadrados é aproximadamente un Campo de fútbol se fai esa referencia; que non obstante non cree que sexa tan malo explicar o que aprobaron entre todos desde un punto de vista que nunca sae , porque cando hai alegacións sinceramente cada un vai ver como lle queda a súa parcela, pero ninguén mira desde un punto de vista mais amplo e é preciso ver como vai quedar globalmente, no ámbito urbano, porque no rural realmente os restos son solos de diferente protección.

Manifesta tamén o Sr. Alcalde que si eso vai producir diferencias absterase, pero en ningún caso creía que iso ía en demérito do que aprobaban entre todos, e sempre se preocupa moi moito porque igual hai outros casos en que todo o mundo fai política de “barrer para a casa”, pero que se preocupa moi moito de dicir que foi aprobado por todos, e que supón que incluso cada un terá “submarinos” nas charlas que se dan por alí, e que lle parece que nada malo din de ninguén.

Pregunta do Grupo Municipal Socialista.

O Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista manifesta que ao fío da última pregunta non pensaba intervir mais, pero lle preocupa a resposta que deu o Concelleiro Delegado de Facenda, e quería facer unha última pregunta que lle pode contestar perfectamente no próximo Pleno ou cando crea oportuno o Sr. Alcalde e que é simplemente en que incumpriu o Clube Náutico o convenio das Escolas Deportivas e se se lle fixo efectiva a subvención correspondente a ese ano, e que non quere que lle contesta agora.

O Sr. Castro Reigosa pola súa parte na súa calidade de Concelleiro Delegado de Economía e Facenda manifesta que vai contestar agora mesmo e é que o Clube fixo un incumprimento sistemático no horario comprometido con respecto ao convenio e evidentemente a subvención que se lle paga vai ser proporcionalmente ao tempo , e esta sen pagar.

O Sr. Pérez Vacas pola súa parte di que quere preguntar a Intervención se é correcto o pago proporcional; por parte do Sr. Castro Reigosa se contesta afirmativamente, se incumpre e por parte da Sra. Interventora da Corporación di que non hai unha Ordenanza que o regule, que é un Convenio.

O Sr. Pérez Vacas pola súa parte di que se é un Convenio di que se lle pague ou non se lle pague, e reitera que a pregunta é que se se incumpriu que non se lle pague.

O Sr. Castro Reigosa pola súa parte contéstalle que como está sen decidir todavía, de momento non se pagou.

Sendo as vintedúas horas e trinta e cinco minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde levanta a sesión estendéndose de todo isto a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,